



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/52	GOB19I00GM	
2L63 0H6U 5C5M 182N 0ECF		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO

TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA

TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO

TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN

PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA

PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA

PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO

PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO

PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ

PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, DªMARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

ULLA ROCHA, JORGE
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -
DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-
CANTELI

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a acta da sesión anterior de data 24-04-2025.

2 º.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE PROLONGACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO IDENTIFICADO CO CÓDIGO NAR 995 ATA A PARCELA RC 9433823NJ6293S0001MG .

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

A) ANTECEDENTES

-Solicitud de prolongación no Inventario de Vías Municipal do camiño público identificado co código NAR 995, sito no Lg. Feira do Trece, ata a parcela RC 9433823NJ6293S0001MG, presentada por D. José Ángel Iglesias Aneiros o 19/12/24.

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal de Patrimonio que entre outras cousas di:

“ANTECEDENTES.- Para a realización do traballo tivéronse en conta as escrituras de propiedade aportadas polo interesado e por propietarios lindantes co devandito camiño, fotografía do parcelario catastral do 1956 e antecedentes catastrais dos anos 2005, 2008, 2012 e 2013.

PRIMEIRO.- Na documentación que achega o interesado respecto á súa propiedade, RC 9433823NJ6293S0001MG caracterízase do seguinte xeito:

Vía Publica: LUGAR FEIRA DO TRECE
Número: 10
Código Postal: 15572
Superficie Construída: 24 m2
Superficie del terreno: 120 m2
INDIVISIBLE
Linderos:Norte, CAMINO Y NUCLEO URBANO DEL TRECE
Sur, CAMINO Y NUCLEO URBANO DEL TRECE
Este, MANUEL ROMERO FORTUNEZ (1823) Y CAMINO
Oeste, DESCONOCIDOS (1821-2) Y NUCLEO URBANO DEL TRECE

CARGAS PROPIAS DE ESTA FINCA

- Según la inscripción 1ª:

Una servidumbre de paso permanente de 2 metros de ancho, en favor de las fincas 1821-1 de Don José Yáñez Martínez y 1821-2 de desconocidos.-

Nota simple do rexistro da propiedade de Narón


Finca número 1.824 del plano general de la zona de concentración parcelaria de San Estebo de Sedes.

Finca rústica; terreno dedicado a labradío al sitio de O TRECE, hoy según manifiesta el compareciente y según consta en la certificación catastral que luego se cita **lugar FEIRA DO TRECE, número 10**, que limita: Norte y Sur, con camino y núcleo urbano del Trece; Este, con Manuel Romero Fortúnez (1.823) y camino; y Oeste, desconocidos (1.821-2) y núcleo urbano del Trece. -----

Tiene una extensión superficial de una área y veinte centiáreas y es, por tanto, indivisible conforme a la legislación vigente. -----

Local destinado a garaje con una superficie de veinticuatro metros cuadrados y con terreno unido a finca número 1.824 del plano general de la zona de concentración parcelaria de San Estebo de Sedes, sita en el **lugar de FEIRA DO TRECE, número 10**, haciendo el conjunto una superficie de ciento veinte metros cuadrados. Linda el conjunto: Norte y Sur, con camino y núcleo urbano del Trece; Este, con Manuel Romero Fortúnez (1.823) y camino; y Oeste, desconocidos (1.821-2) y núcleo urbano del Trece. -----

Tom
Libro
Folio
Finca
Insc
Ann



Extracto plano do acordo, polígono 5 da concentración parcelaria San Esteban de Sedes (Narón)


Sobre la finca descrita en el expositivo primero, a costa de su sociedad de gananciales, sin adeudar nada a nadie por materiales, mano de obra, dirección ni en ningún otro concepto, y habiendo obtenido las licencias administrativas correspondientes, han construido la siguiente edificación, habiendo sido terminada en el año 1979 según consta en la certificación catastral que luego se cita: -----

Local destinado a garaje con una superficie de veinticuatro metros cuadrados. Linda por todos sus vientos con la finca en que se halla enclavada. ---

-Na documentación do inmoible con RC: 9433819NJ6293S0001FG descríbense os seguintes lindes:

Linda: al Norte, con otro edificio destinado a baile, denominado Salón Paris, de la propiedad de Don Constantino Sanesteban Fortunez, con el que tiene su pared medianera; Sur, con el camino que conduce a Giove; Levante, con servidumbre y mas de Juana Pereiro; y al Poniente, con mas de Andres Sanesteban Fernández. - - - - -


La finca descrita tiene la obligación de recoger sus aguas y no podrá abrir ventanas o huecos sobre la propiedad de Don Andres Sanesteban, con quien linda por el Poniente; estando gravada dicha finca con una servidumbre de paso, a pie y con carro para la finca de Doña Primitiva Beceiro y Don Amable Romero. - - - - -



Plano catastral da parcela 9433819NJ6293S0001FG

-Respecto ao predio RC 9433807NJ6293S0001WG segundo a documentación achegada por Don José Angel Iglesias Aneiros en data 24/1/25, caracterízase do seguinte xeito:

del Trece, conocido también por Giove, parroquia de San Esteban de Sedes, ayuntamiento de Narón, de una superficie de ciento sesenta y cinco metros cuadrados, que linda: Norte, resto de finca matriz, propiedad de los esposos Don José Iglesias Fraguela y Doña Maria Antonia Aneiros Pardo; Sur, camino que conduce a Giove; Este, servidumbre y más de Juana Pereiro; Oeste, más de Andrés Sanesteban Fernández y José Yáñez.



Plano catastral da parcela 9433807NJ6293S0001WG

-Na documentación do inmovible con RC: 9433817NJ6293S0001LG describíense os seguintes lindes:

..... 1823-
..... a fincan.ª

..... do plano xeral que se describe así:

DESCRICION: Finca rústica; terreo dedicado a Labradío-----

..... no sitio de O Trece -----

Concello de Narón ----- que limita:


Norte con Carmen López Rodríguez e outros (1825), Victor Manuel
Pardo Sánchez (1826), camiño e núcleo urbano do Trece ----

Sur con Ermitas Amado Yáñez (1822), Carmen López Rodríguez e
outros (1825) e construción -----

Leste con Carmen López Rodríguez e outros (1825), Manuel
Vicente Graña González (1829) e construción-----

Oeste con José Iglesias Fraguera (1824), camiño e núcleo
urbano do Trece-----

Ten unha extensión superficial de
hectáreas NOVE----- áreas e -VINTECINCO-----
centiáreas e é, xa que logo **INDIVISIBLE** conforme a lexislación vixente



Plano catastral da parcela 9433817NJ6293S0001LG

SEGUNDO.- Os terreos afectados pola solicitude do asunto atópanse en solo de núcleo rural. En base ao artigo 26.1 e) da LSG: “Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións: A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estén previstos no planeamento, **así como a ampliación dos existentes** e o derribo de muros tradicionais dos barrios ou sendeiros, salvo disposición no planeamento que o autorice”

A vista do exposto e a documentación achegada ao expediente **non procede acceder ao solicitado**, dado que no inventario de Vías do Concello de Narón o camiño de natureza pública NAR995 remata na parcela catastral 9433819NJ6293S0001FG

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por [R.D. 1372/1986, de 13 de xuño](#)

C) INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Desestimar a reclamación presentada por D. José Ángel Iglesias Aneiros de prolongación do camiño público identificado co código NAR 995 ata a parcela RC 9433823NJ6293S0001MG.”

Visto o ditame favorable por maioría (cos 5 votos a favor dos representantes de Tega; e as 5 abstencións do membros de PP (3) e BNG (2), na Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación presentada por D. José Ángel Iglesias Aneiros de prolongación do camiño público identificado co código NAR 995 ata a parcela RC 9433823NJ6293S0001MG.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría, e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

3 °.- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DUNHA PARCELA SITA NO LUGAR DE CARBALLO, REF. CATASTRAL 1012120NJ7211S0001TU.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposto emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

-En data 12 de febreiro de 2014 a alcaldía do concello acordou o alleamento de parcelas, masas comúns da concentración parcelaria de Pedroso que entre outras cousas di:

“PRIMERO.- Allear as parcelas que a continuación se citan aos colindantes que se mencionan polos seguintes prezos:

*Parcela nº 150 sita no lugar de Carballo, cunha superficie de 433 m², por un importe de 1.860,82 euros a D. Juan A. Santos Fernandez, DNI *****. Os lindes actuais da parcela son os seguintes: N. Juan A. Santos Fernandez; Sur: FEVE; Este: M. Carmen Rivas Castelo e Oeste: Enrique Fdez. Fdez e outro.....”*

-En data 20-02-2014 remitiuse o expediente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

-O 27-06-2022 requiríuselle á refirida Consellería o estado do expediente recibindo contestación da Dirección Xeral de Administración Local o 4/7/22.

- D. Juan A. Santos Fernandez, DNI ***** o 14/5/24 propietario colindante á parcela nº150 sita no Lg. de Carballo, manifesta que continúa interesado na merca da citada masa común.

-Emítase novo informe de valoración da parcela polo Enxeñeiro Agrónomo Juan Carlos Trillo Morado o 24/10/24.

- No mes de novembro de 2024, notificase ao resto de propietarios colindantes a previsión de allear o citado predio procedente da concentración parcelaria de Pedroso, para dar cumprimento ao artigo 1523 do Código Civil regulador do dereito ao retrato dos titulares de fincas colindantes, sen que ningún outro particular manifesta o seu interese na merca do inmovible.

-A alcaldía do Concello o 14/3/25 aproba o alleamento do predio de titularidade municipal, a D. Juan A. Santos Fernández con DNI ***** , por un importe de 1840,25€.

-A dita venda foi elevada a escritura pública o 4/4/25, número de protocolo 459, notario Luis C. Landeiro Aller.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Artigo 17 do RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

- Artigo 32 da Lei 33/2003 de 03 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.
Á vista dos antecedentes expostos, e de acordo coa normativa anterior, emítase o seguinte:

C) INFORME-PROPOSTA

A técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a dictame da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos, o seguinte:

Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens a parcela sita no lugar de Carballo, ref. catastral 1012120NJ7211S0001TU, inscrita no rexistro da propiedade de Narón, tomo 1886, libro 409, folio 165 e finca número 40592, cunha superficie de 433 m².

Non obstante a Comisión Municipal Informativa de Obras Urbanismo e Servizos adoptará o acordo que estime máis oportuno.”Visto o ditame favorable por maioría (cos 7 votos a favor dos representantes de Tega (5) e BNG (2); e as 3 abstencións do membros de PP), na Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens a parcela sita no lugar de Carballo, ref. catastral 1012120NJ7211S0001TU, inscrita no Rexistro da propiedade de Narón, tomo 1886, libro 409, folio 165 e finca número 40592, cunha superficie de 433 m².

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 °.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS **A CABIDA DO INMOBLE CORRESPONDENTE Á FICHA NÚMERO 408.**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmase o seguinte INFORME-PROPOSTA:

A)ANTECEDENTES

En data 2/4/2007 foi elevado a público o proxecto de equidistribución (concerto) mediante escritura nº773, notario autorizante D. Ramón González Gómez, outorgada por Epaat S.L a favor do Concello.

En virtude deste proxecto o Concello de Narón resulta titular de pleno dominio dunha parcela para uso residencial e terciario público cunha cabida de 3955m² estando incluída no Inventario de bens da Corporación, ficha nº408, como ben de carácter patrimonial.

Advertido un erro no Inventario de Bens en canto á superficie da mesma, figurando 9130m² no canto de 3955m²

Procede a rectificación no inventario de bens a cabida do dito inmovible

B)CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 33/2003, do 3 de novembro, Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)

-Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local

-Regulamento de Bens das Entidades Locais, aproba por R. Decreto 1372/86 do 13 de xuño.

C)INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Rectificar no Inventario de Bens Municipais a cabida do inmovible correspondente á ficha número 408 do inventario de Bens Municipal, sendo a superficie correcta 3955m².”

Visto o ditame favorable por maioría (cos 7 votos a favor dos representantes de Tega (5) e BNG (2); e as 3 abstencións do membros de PP), na Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Rectificar no Inventario de Bens Municipais a cabida do inmovible correspondente á ficha número 408 do inventario de Bens Municipal, sendo a superficie correcta 3955m².

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

5 °.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA PARA INCLUSIÓN NO INVENTARIO DE VÍAS MUNICIPAL DOS CAMIÑOS CON REFERENCIAS CATASTRAIS 15055A043090030000SI E 15055A043090050000SE SITOS NO LG. FURNAS-PEDROSO

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

A/ANTECEDENTES

-Solicitude de inclusión no Inventario de Vías Municipal dos camiños con referencias catastrais 15055A043090030000SI e 15055A043090050000SE sitos no Lg. Furnas-Pedroso presentada por D. Juan C. Ponte Hermida o 16/8/24.

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal de Patrimonio que entre outras cousas di:

“ANTECEDENTES.- Para a realización do traballo tivéronse en conta:

- As escrituras de propiedade achegadas por propietarios lindantes cos devanditos camiños

-A fotografía do parcelario catastral dos anos 1956

-O parcelario catastral vixente

-Ortofoto do voo americano de 1956

-Ortofoto do voo Sigpac 1997


-Ortofoto do voo Pnoa 2005

-Ortofoto do voo Pnoa 2005

-Ortofoto do voo Pnoa 2005

-Antecedentes catastrais


PRIMEIRO.- Na documentación que achega o titular da parcela RC 15055A043000940000SP sita nas inmediacións do camiño caracterízase do seguinte xeito:



Parcela 94 do polígono 43

4.ª.- Dos ferrados y treinta y siete céntimos o sean, doce áreas y diez centiáreas de monte, / donde llaman FURNAS, confinando Norte, los herederos de José Picós; Sur, los de Manuel Vilarón; Este, los de Francisco Lagoa y Oeste, camino. Se tasó en cincuenta mil pesetas. -----

-Na documentación do inmoible con RC: 15055A043000900000SB descríbense os seguintes lindes:



Parcela 90 do polígono 43

= MUNICIPIO DE NARÓN=

= PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE PEDROSO=


10) UNA MITAD INDIVISA de la finca rústica a monte denominada **FURNA** de una extensión superficial según catastro de SIETE ÁREAS y NOVENTA Y CUATRO CENTIÁREAS. Sus linderos actualizados son: NORTE, Parcela Catastral 76 de la Entidad Mercantil "CERAMICAS DE JUBIA, S.A."; SUR, Parcela Catastral 26 de Francisco-Javier López Bellas; ESTE, camino; y OESTE, Parcela Catastral 89 de Francisco-Javier López Bellas.-----

INSCRIPCIÓN: No consta inscrita.-----


REFERENCIA CATASTRAL: 15055A043000900000SB.-

TÍTULO: Le pertenecía, según manifiestan, a la referida causante por justos y legítimos títulos, sin acreditármelo


- *Ortofotos e imaxes tidas en conta para o estudo da titularidade dos camiños:*




Fotografía do parcelario catastral da zona dos anos 50



Parcela 9005 do polígono 43 – Titularidade Concello de Narón




Parcela 9003 do polígono 43 - Titularidade Concello de Narón



Parcelario a data de informe




Vuelo americano 1956



Vuelo SIGPAC 1997



Vuelo PNOA 2005



Vuelo PNOA 2008

SEGUNDO.- A zona de emprazamento do camiño ao que se refire o solicitante con referencia catastral 15055A043090030000SI obxecto deste informe, linda cas parcelas catastrais 15055A043000380000SD,

15055A043000780000SS, 15055A043000770000SE, e 15055A043000900000SB, parte do camiño NAR1059 ata o camiño con referencia catastral 15055A043090050000SE, na documentación que consta no expediente se define a existencia dun camiño, sin que conste que posúa natureza pública.

A zona de emprazamento do camiño ao que se refire o solicitante con referencia catastral 15055A043090050000SE obxecto deste informe, linda cas parcelas catastrais 15055A043000380000SD e 15055A043000920000SG, parte do camiño NAR1065 ata o camiño con referencia catastral 15055A043090030000SI, consta no expediente a solicitude das escrituras das propiedades non sendo achegadas ao mesmo polo que non é posible definir a posibilidade da existencia dun camiño

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Narón foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de 22 de abril de 2002, e publicado no DOG do 9 de maio de 2002 e no BOP do 10 de xuño do 2002, non estando polo tanto adaptado á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG), nin á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas posteriores modificacións (en adiante LOUG). Conforme ao previsto na disposición transitoria primeira, apartado 2 da LSG, o planeamento municipal conserva a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as regras establecidas na propia disposición.

É de aplicación tamén o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (en adiante RLSG), e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (en adiante PBA).

Por outra banda, o Pleno da corporación municipal, en sesión de 25 de abril de 2024, acordou aprobar inicialmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón (DOG 15.05.2024), que se atopa actualmente no período de información pública.

Os terreos afectados pola solicitude do asunto atópanse en solo rústico de protección de infraestruturas e de augas. En base ao artigo 37 da LSG, no solo rústico está prohibida a apertura de camiños que non estean previstos no planeamento municipal, como é o caso do camiño do asunto, **polo que non procede acceder ao solicitado.**

B/CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de xuño

C/INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Desestimar a reclamación presentada por D. Juan C. Puente Hermida de inclusión no Inventario de Vías Municipal dos camiños con referencias catastrais 15055A043090030000SI e 15055A043090050000SE sitos no Lg. Furnas-Pedroso.”

Visto o ditame favorable por maioría -cos 5 votos a favor dos representantes de Tega; e as abstencións do membros de PP (3) e do BNG (2)-, na Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación presentada por D. Juan C. Puente Hermida de inclusión no Inventario de Vías Municipal dos camiños con referencias catastrais 15055A043090030000SI e 15055A043090050000SE sitos no Lg. Furnas-Pedroso

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

6 °.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO TRAZADO DO CAMIÑO NAR2173 (S104) SITO NO LG. GADOI-CASTRO.


-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA


Advertido un erro no trazado do camiño NAR2173 sito no Lg. Gadoi-Castro, no actual Inventario de Vías municipal segundo a información recabada no Negociado de Patrimonio, procede á prolongación do mesmo, tendo en conta os seguintes antecedentes:

A) ANTECEDENTES

En cor laranxa se identifica o tramo do camiño NAR2173 da concentración parcelaria en cuestión, que non aparece reflectido no Inventario de Vías Municipal.



-Na cartografía da concentración parcelaria de Val-Castro-Trasancos, Concello de Narón), obsérvase a existencia de camiño que chegaría ata o final da parcela de reemprazo nº2075 (catastral 5800613NJ6250S), e tamén ás seguintes nº2076 (catastral 5800630NJ6250S) e nº2077 (catastral 5800631NJ6250S) no mesmo lado do camiño, e ás nº2066 (catastral 5800612NJ6250S) e nº2065-1 (catastral 5800629NJ6250S):



Plano concentración parcelaria


-Solicitado informe aclaratorio ao servizo autonómico competente na materia: <Infraestruturas Agrarias – Delegación Territorial da Consellería de Medio Rural>, xuntando copia do presente informe.”

O 10.07.2020 recíbese informe de resposta emitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial Consellería de Medio Rural do 30.06.2020 no que conclúe que, “comprobada a documentación que se conserva nos arquivos deste servizo, dito camiño xa existía antes do proceso de Concentración, na acta de reorganización de dita zona, as fincas 2075, 2076, 2077 e 2065-2 lindan ao Oeste con camiño e as fincas 2065-1, 2066, 2067 e 2069 lindan ao Leste con camiño, **polo tanto o dito camiño é público**”.

-Á vista do informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial Consellería de Medio Rural no que conclúe a titularidade pública do camiño que linda: Norte, co camiño inventariado NAR2173; Sur, co camiño inventariado NAR2100; Este coas parcelas catastrais 5800613NJ6250S, 5800630NJ6250S, 5800631NJ6250S e 5800615NJ6250S (parcelas resultado da concentración: 2075, 2076, 2077 e 2065-2 respectivamente); e Oeste, coas parcelas catastrais 5800629NJ6250S, 5800612NJ6250S, 5800611NJ6250S e 5800610NJ6250S (parcelas resultado da concentración: 2065-1, 2066, 2067 e 2069 respectivamente).

- O Concello Pleno na sesión de data 30/9/21 acorda a prolongación do camiño sito en Gadoi, NAR2173, no Inventario de Vías.

-Visto que a titularidade e trazado da dita vía xa foron estudados e aprobados polo Concello Pleno con anterioridade ao actual IVM.



Prolongación en cor azul

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais
- Lei 5/1997, do 22 de xullo da administración Local de Galicia

C) INFORME-PROPOSTA

A funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía, para asuntos de patrimonio, someta a dictame da Comisión Municipal Informativa de obras, o seguinte:

Modificar trazado do camiño NAR2173 sito no Lg. Gadoi-Castro e proceder á súa prolongación á vista do informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias e a aprobación polo Concello pleno o 30/9/21.”

Visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu presidnete propón ao Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Modificar trazado do camiño NAR2173 sito no Lg. Gadoi-Castro e proceder á súa prolongación á vista do informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias e a aprobación polo Concello pleno o 30/9/21.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 °.- PROPOSTA DE CAMBIO DE USO DE VARIAS PARCELAS CUALIFICADAS COMO DOTACIONAIS PÚBLICAS PERTENCENTES AO SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES E AO SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS DENDE O CAMIÑO DA PRAIA ATA O LÍMITE NORTE DO POLÍGONO DA GÁNDARA.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta asinado polo arquitecto xefe dos servizos técnicos municipais e a xefa do servizo de Obras e Urbanismo que literalmente dí:

“(…)

Antecedentes:

O 06.05.2025 o arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en representación dos propietarios das parcelas con referencias catastrais 4958013NJ6145N, e 4958007NJ6145N e 4958016NJ6145N, presenta un documento denominado “Proposta de cambio de uso de parcelas dotacionais públicas para o establecemento de accesos ao Pol. Ind. A Gándara dende a rúa Camiño do Pino”, asinado dixitalmente en data 06.05.2025.

A dita proposta achégase como documento anexo a este informe. Nela xustifícase a idoneidade da mesma como segue:

“La presente propuesta pretende mejorar la interrelación entre la zona residencial del barrio de A Gándara y el polígono del mismo nombre, en la zona del vial perimetral Camiño da Praia, a modo y semejanza de la ya existente en la calle Cataluña.

Actualmente no existe conexión viaria ni peatonal entre la calle Camiño da Praia y el polígono de A Gándara, debido a la falta de accesos directos. Esta carencia conlleva a que tanto el tráfico rodado como el peatonal se vea obligado a tener que acceder a las parcelas del norte del polígono por la Avenida del Mar, teniendo que dar un rodeo que se considera innecesario y perjudicial para el interés general y el buen funcionamiento de la zona a nivel del tránsito rodado y peatonal.

No cabe la menor duda de que, la dotación de los accesos que se proponen, dará lugar a una mayor afluencia de público a las actividades comerciales e industriales del polígono, favoreciendo de esta forma la mayor implantación de actividades en estas parcelas, que en la actualidad no existen.

Los accesos proyectados desde la calle Camino da Praia a las parcelas de la manzana norte del polígono facilitan su utilización por la población en general y más concretamente a los vecinos próximos de la zona, respetando a su vez, la zona verde existente.

Al mismo tiempo, con la eliminación de la vía de servicio que contempla el PGOM de 2002, se potencia la zona verde, incrementando su superficie y aumentando su ancho para su uso como zona de juegos u otros usos posibles.

La propuesta prevista en el presente documento, resulta compatible con el planeamiento vigente y con el nuevo Documento de Aprobación Inicial de la revisión del PGOM del año 2023.”

A criterio destes técnicos, esta actuación redundaría en acadar unha considerable mellora da mobilidade sostible, incrementando os percorridos peonís e ciclistas, en detrimento do uso dos vehículos motorizados.

Normativa de aplicación


- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG-16).
- Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais en administrativas (en diante Lei 18/2021)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG-16).
- Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Narón (en diante PXOM vixente).
- Documento de aprobación inicial do novo Plan xeral de ordenación municipal de Narón (en diante DAI-23).

Consideracións xurídicas

I. TRATAMENTO URBANÍSTICO DOS TERREOS AFECTADOS POLO CAMBIO DE USO.

O PXOM vixente foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de 22 de abril de 2002, e publicado no DOG do 9 de maio de 2002 e no BOP do 10 de xuño de 2002, non estando polo tanto adaptado á vixente LSG-16, nin á xa derogada Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo este planeamento os terreos afectos polo cambio de uso están clasificados como solo urbano e cualificados como zonas verdes e espazos libres.




Ámbito grafado en cor verde no vixente PXOM do 2002.

O Concello Pleno en sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de abril de 2024 aprobou inicialmente o novo Plan xeral de Ordenación municipal de Narón (PXOM) co seu estudo ambiental estratéxico e completado co resumo executivo, datado de outubro de 2023, e asinado por Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C.

Este acordo determina a suspensión automática do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, co alcance previsto no resumo executivo, de acordo co apartado 4 do artigo 86 do RLSG. A dita suspensión, con efectos dende a publicación oficial do acordo no DOG do 15.05.2024, terá unha duración máxima de dous anos e non afectará aos supostos previstos no artigo 86.3 do RLSG, extinguíndose, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 47.2 da LSG).

Segundo o planeamento aprobado inicialmente os terreos afectos polo cambio de uso están clasificados como solo urbano e cualificados como dotacionais pertencentes aos sistemas locais de espazos libres e infraestruturas de comunicación (SL-EL-Ex- PAS-G09 e AI-G-01).



Ámbito grafado en cor verde no DAI-2023.

Á vista do anterior conclúese que a proposta é compatible con ambas ordenacións urbanísticas.

II. PROCEDEMENTO E COMPETENCIA PARA O CAMBIO DE USO.

O artigo 42.5 da LSG-16 redactado polo número dous do artigo 7 da Lei 18/2021 determina o seguinte: “*O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se mantéña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.*”

Para os efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicos os que sexan de titularidade pública aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición.”

No presente caso preténdese modificar o uso de viais (vía de servizo no vixente PXOM e vial de acceso a parcelas do DAI-23) por zonas verdes, modificando o seu trazado para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono dende o Camiño da Praia, facilitando a interconexión entre a trama urbana residencial e a do Polígono.

Pódese, polo tanto, aplicar o procedemento previsto no artigo 42.5 da LSG-16 sempre que quede garantido o cumprimento dos estándares recollidos, que no caso que nos ocupa son os establecidos no artigo 42.2, xa que o cambio de uso afecta a terreos cualificados como sistema local.

III. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE SOLO NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SISTEMAS LOCAIS.

No documento técnico aportado achégase un cadro comparativo das superficies afectadas por viais e zonas verdes tanto do vixente PXOM como do DAI- 2023.

PGOM 2002		
SUPERFICIE VIALES PREVISTOS EN PGOM	Vía de servicio	sup (m2)
	Acceso intermedio	
	TOTAL	1.153,00
ACCESO 6	rodada (10,50 mts)	300,00
ACCESO 5	peatonal (3,50 mts)	52,00
ACCESO 4	rodada (4,50mts)	59,00
ACCESO 3	peatonal (1,80 mts)	23,00
ACCESO 2	existente (1,80 mts)	20,00
ACCESO 1	rodada (6,00 mts)	50,00
	TOTAL ACCESOS	504,00
INCREMENTO DE ZONAS VERDES		649,00

Relación de superficies afectadas según PGOM 2002

DAI 2023		
SUPERFICIE VIALES PREVISTOS EN DAI	Acceso intermedio	sup (m2)
	TOTAL	506,00
ACCESO 6	rodada (10,50 mts)	300,00
ACCESO 5	peatonal (3,50 mts)	52,00
ACCESO 4	rodada (4,50mts)	59,00
ACCESO 3	peatonal (1,80 mts)	23,00
ACCESO 2	existente (1,80 mts)	20,00
ACCESO 1	rodada (6,00 mts)	50,00
	TOTAL ACCESOS	504,00
INCREMENTO DE ZONAS VERDES		2,00

Relación de superficies afectadas según DAI 2023

Do anterior dedúcese que a nova configuración das parcelas municipais supón un incremento das zonas verdes públicas en ambos documentos de planeamento, polo que se está ao contemplado no artigo 42.5 da LSG-16 e se garante o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

A pesar do mínimo incremento que supón no DAI- 2023 (2,00 m² de zona verde) cómpre salientar que no apartado 08.02.3 da Memoria Xustificativa do mesmo xa se determina que as reservas previstas no novo PXOM para os sistemas locais “cumpren sobradamente os estándares mínimos”, reiterándose así a observancia do artigo 42.1 e 2 da LSG-16.

Ademais, xustifícase o cumprimento do artigo 70.3 DO RLSG-16 no que se definen as áreas de xogo como segue:

“Áreas de xogo: son terreos localizados ao aire libre e dotados do mobiliario e características adecuadas para ser destinados a xogos infantís ou a deporte ao aire libre. En todo caso terán consideración de sistema local.

As áreas de xogo deberán ter unha superficie mínima de 200 metros cadrados e admitir a inscrición dunha circunferencia de Ø 12 metros, cun largo mínimo de 10 metros en todo caso.

Ademais, deberán estar equipadas co mobiliario e/ou elementos de xogo adecuados para o desenvolvemento da actividade prevista, cumprindo as condicións que estableza a normativa sectorial de aplicación.”

Deste xeito, o Concello cumprirá en toda a superficie afectada cos parámetros urbanísticos esixidos na normativa urbanística de aplicación para a implantación dunha área de xogo.

Por todo o exposto, estes técnicos propoñenlle ao Concelleiro-Delegado de Urbanismo que eleve á Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos os seguintes acordos para o seu ditame previo ao sometemento ao Concello Pleno:

Primerio.- Cambiar o uso de varias parcelas (denominadas no DAI-2023 como SL-EL-Ex-PAS-G09 e AI-G-01) cualificadas como dotacionais públicas pertencentes ao sistema local de espazos libres e zonas verdes e ao sistema local de infraestruturas e comunicacións dende o Camiño da Praia ata o límite norte do Polígono da Gándara, de viais no vixente PXOM e no DAI-2023 por zonas verdes, e modificando o seu trazado, para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono da Gándara dende o Camiño da Praia, de conformidade co que se describe no documento técnico presentado e asinado polo arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en data 06.05.2025.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Remitir o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para os efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.”

Vista a conformidade emitida polo Secretario Xeral deste Concello respecto das consideracións xurídicas contidas no informe anteriormente transcrito, aos efectos previstos no artigo 3.3, letras c) e d) 7º; e artigo 3.4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter Nacional.

Por todo o exposto e visto o ditame favorable por maioría (cos 7 votos a favor dos representantes de Tega (5) e BNG (2); e as 3 abstencións do membros de PP), na Comisión Municipal

Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Cambiar o uso de varias parcelas (denominadas no DAI-2023 como SL-EL-Ex-PAS-G09 e AI-G-01) cualificadas como dotacionais públicas pertencentes ao sistema local de espazos libres e zonas verdes e ao sistema local de infraestruturas e comunicacións dende o Camiño da Praia ata o límite norte do Polígono da Gándara, de viais no vixente PXOM e no DAI-2023 por zonas verdes, e modificando o seu trazado, para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono da Gándara dende o Camiño da Praia, de conformidade co que se describe no documento técnico presentado e asinado polo arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en data 06.05.2025.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Remitir o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para os efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: boa tarde. Nós decir e tamén incidir, no, en que é positivo que se faga un cambio neste sentido a respecto de mellorar ademais a mobilidade nun barrio como A Gándara e facendo uso de zonas verdes e que se aplique. Cremos que é moi positivo esta proposta e por eso tamén votamos a favor na comisión e votaremos a favor agora e tamén teño unha pregunta xa que neste caso o secretario xa que ... esta semana tivemos que mirar ben o regulamento de participación entendo entón, polo que pon no regulamento, que as asociacións inscritas poden intervir no pleno en propostas coma estas, aínda que non sexan mocións políticas, igual que despois de rematada a sesión do pleno co regulamento que se pode establecer unha quenda de rogos e preguntas como se solicitou esta semana para dúas intervencións despois e simplemente eso.

(Previa petición da palabra por min se indica que as dúas peticións de intervencións polo público solicitáronse durante o pleno, e non ao rematar este. De acordo coa normativa aplicable, unha vez rematada a sesión, a alcaldía pode abrir un turno de intervencións para rogos e preguntas polo público asistente. En canto ás intervencións nos puntos da orde do día estarase ao que dispón o Regulamento de Participación Cidadá do Concello que se atopa en proceso de revisión).

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 º.- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 02/2025.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a documentación

incorporada ao expediente PRE/2025/14, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2025.

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Visto o informe proposta do Técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 12/05/2025 (PRE19I004Q).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.


O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Despois de ver o informe da Intervención municipal do 12/05/2025 (PRE19I004R) que emite informe de reparo á aprobación das facturas especificadas nos apartados décimo oitavo e décimo noveno dese informe, facturas emitidas por Fraga y López SLU (F/2024/7637) en concepto de subministro de lixadoras rotorbital e orbital, parafusadores e batidoras amasadoras para o Centro de Formación Irmáns Froilaz, Proyecto Bululú SL (F/2024/7696) en concepto de obradoiro para escolares “Ven a Narón e divértete un montón”, Gedos Consultores de Empresas SL (F/2024/7793) en concepto de obradoiro de concienciación ambiental e cambio climático, La Guagua Servicios Socioculturales SL (F/2024/7816) en concepto de obradoiros para escolares “A chave agochada de Narón”, Gazapo Xestión SL (F/2024/7818) en concepto de taller servizo de alfabetización para migrantes, e Marupudi SL (F/2025/798) en concepto de comida de nadal coa prensa, respectivamente, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado; e fiscalízanse de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das restantes facturas polos motivos que se especifican nos apartados do décimo a décimo sétimo dese informe.

Despois de ver o informe da xefa do Servicio Sociocomunitario do 13/05/2025 (EMP19I00CV), relativo a factura de Fraga y López SLU (F/2024/7637) en concepto de subministro de lixadoras rotorbital e orbital, parafusadores e batidoras amasadoras para o Centro de Formación Irmáns Froilaz, cuxo contido literal é o seguinte:



"Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion e Emprego – MTAV		
Número expediente:	Documento:	
 EMP/2024/3	 EMP19I00CV	
		

DESTINATARIO: Intervención Municipal

ASUNTO: Levantamento de reparo con efectos suspensivos na fiscalización/recoñecemento de obrigas do do recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 02/2025 por importe de 372.954,51 € da seguinte factura:

Nº RCF	PROVEADOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
F/2024/7637	FRAGA Y LOPEZ SLU	B15971724	2.486,07 €	LIJADORA ROTORBITAL 900W RT188VJ 230V 8800300 VIRUTEX / LIJADORA ORBITAL 370W LR46L 4600200 VIRUTEX / ATORNILLADOR RECTO

A xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación ao asunto que se cita emite o seguinte INFORME:

PRIMEIRO.- A persoa responsable do Servizo Sociocomunitario e a Concelleira delegada prestaron a súa conformidade á factura relacionada no encabezamento presentadas por FRAGA Y LOPEZ SLU para subministro de Lixadoras Rotorbital e Orbital, parafusadores e batidoras Amasadoras para o Centro de Formación Irmáns Froilaz,

Estas factura foi enviada para a súa tramitación á Intervención Municipal, á que se xuntou o informe emitido de solicitude de retención de crédito, e a retención de crédito nº 220240028883, emitido co reparo da Intervención Municipal, no seguinte tenor:

“Reparo de Interventor (MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ): Esta Intervención informa que este gasto incumpre a finalidade do gasto incluído no anexo de investimentos do orzamento do ano 2024.”

SEGUNDO.- En distintas datas solicitouse á Intervención Municipal a emisión do correspondente RC por este gasto. En concreto, na solicitude de retención de crédito para facer fronte a este gasto (EMP18I00RH) informouse da existencia dun erro material no anexo de investimentos, pois no devandito anexo aparece como “licuadoras” o que en realidade era “lixadoras”. Con respecto ao parafusador o seu gasto foi incluído á hora de facer o orzamento de investimentos pero por falta de espazo non se fixo constar expresamente este concepto, considerando que xa estaba amparado polo concepto xeral de “Maquin.e util emprego”

A Intervención Municipal contabilizou finalmente esa reserva de crédito

TERCEIRO.- En data 12 de maio de 2025 a Intervención Municipal emite informe PRE19I004R (EXP: PRE/2025/14) de fiscalización/recoñecemento de obrigas do recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 02/2025 por importe de 372.954,51 €.

No apartado **DÉCIMO OITAVO** de dito informe indícase:

“Con respecto á factura emitida por Fraga y López SLU (F/2024/7637) en concepto de subministro de lixadoras rotorbital e orbital, parafusadores e batidoras amasadoras para o Centro de Formación

Irmáns Froilaz, por importe de 2.486,07 euros, esta Intervención informa que este gasto incumple a finalidade do gasto incluído no anexo de investimentos do orzamento do ano 2024, tal e como se puxo de manifesto no reparo emitido na contabilización do correspondente RC 220240028883. Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación..”

No apartado de **CONCLUSIÓN**s di:

“(...) emite **informe de reparo á aprobación das facturas especificadas nos apartados décimo oitavo e décimo noveno deste informe, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.** Ao abeiro do dito artigo, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado. (...)”

CUARTO.- A base 27ª.2 das Bases de execución do orzamento en vigor dispón:

“(...) establece neste concello o sistema de fiscalización previa limitada de obrigas ou gastos co seguinte alcance:

- A) Con carácter xeral, fiscalizaranse os seguintes extremos:
 - a) Existencia de crédito axeitado e suficiente (...)
 - b) Que as obrigas o gastos se xeran por órgano competente.
 - c) Que existe informe proposta do servizo correspondente.
 - d) Executividade dos recursos que financian a proposta, no seu caso.
 - e) Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.

Estes extremos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes (...)”

O punto 3 da mesma base indica:

“(...) Os gastos non sometidos a fiscalización previa, tramitaranse mediante un documento único de “Proposta de gastos” (RC) ata un límite máximo de 6.000,00 € (...) Pola unidade responsable do control de gastos tomarase razón do gasto, previa comprobación pola dita unidade:

- a) Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- b) Competencia da unidade xestora propoñente.
- c) No seu caso, competencia do órgano que aproba o gasto.
- d) Comprobación dos requisitos do contrato menor (...)”

SEGUNDO. Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

TERCEIRO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: ben, neste caso traemos este modificado, simplemente como xa se lles explicou particularmente a cada grupo son partidas de enerxía eléctrica que quedaron facturas tamén pendentes de poder aboar e neste caso, como se levou a licitación do contrato de enerxía eléctrica pois non podemos tirar dese contrato para poder facer fronte a estas facturas e por eso se trae este modificado, e aproveitando se incorpora tamén para combustible de vehículos para non tirar das partidas deste ano de cumbustibles. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a estes puntos podemos entender que algúns deles que serán necesarios, como loxicamente estamos cos orzamentos prorrogados pero hai unha partida que nos sorprende que é a enerxía eléctrica para o Pazo da Cultura de 6. 800 euros. Entendemos que teñen orzamento propio, polo tanto, non entendemos que o concello teña do seu propio orzamento ter que soportar estes gastos. Entonces bueno, diríamoslle que dende o Pazo da Cultura pois deberían de poñer placas solares para que non tiveramos este.... Entonces gustaríanos que nos explicaran cal é o motivo, no. E referente ao tema anterior que me di que é para deixar o poso, no, é a realidade. Están facendo contratos que tiñan que sacalos a licitación. É repetitivo e polo tanto, xa non é que o diga eu, e que hai informes que acreditan que se está facendo así. E ademais informes suspensivos, que vostede o está negando pero é a realidade. Está escrito, está aí.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso, como un edificio público, o responsable dese contrato de enerxía é o propio concello. Neste caso non van nas partidas do Padroado de Cultura. Por eso vai esta partida tamén para facer fronte a ese pago. Nada máis.

-Sra.alcaldesa: vostede dixo que esto era unha ilegalidade. Que estabamos cometendo unha ilegalidade. Eso non é verdade e é o que lle trato de decir. Que vostede como é moi dado a que cando hai público intentar deixar caer eso para que quede, quero aclararllo, é dicir, os contratos menores os permite a Lei de contratos. E é así, e non se está a acometer ningunha ilegalidade. Díxenllo antes e llo volvo a decir agora. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

10 %- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2025 DO CONCELLO, PADROADO DE CULTURA E COSMA). –Dase conta dos seguintes informes:

A/ INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)

PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2025

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto na Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004, quedando fora, polo tanto, as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral, ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria, igualmente están excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Se incluírán todas as facturas pagadas ou pendentes de pago en cada trimestre, independentemente da súa data de expedición, a diferenza das facturas incluídas para o cálculo do período medio de pago que solo se ten en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

O artigo 4 da Lei 3/2004, na súa actual redacción dada pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, establece:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios.....

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios....

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda asociar un plazo superior a 60 días naturales....”

Igualmente a Lei 11/2013 modifica o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sinalando: “*La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados.....la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de*

los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Ademais a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira, engadindo unha disposición adicional quinta nos seguintes termos:

“Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta Ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días”.

En definitiva o inicio do período de cómputo, tanto das operacións pagadas como as pendentes, fíxase dende a recepción da factura, e o cómputo dos días para calcular o período medio de pago iníciase aos trinta días posteriores a esa data, data que ven dada polo rexistro contable da mesma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

1º) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (1º trimestre. Data ref. 31/03/2025)

O período medio do pendente de pago (PMPP) a 31.12.2024 atópase en 40,52 días.

Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 412 por importe de 1800.728,74 €, das cales, o 56,31 % están dentro do período legal de pago, porcentaxe que se sitúa no 68,58 % se a análise se realiza sobre os importes.

	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 1º TRIM. (ata o 31/03/2025)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	186		979.408,57 €		92		273.132,83 €	
Investimentos reais (cap. 6)	6		109.394,01 €		8		67.300,85 €	
Otros pagos por oper. comerc.	8		127.075,96 €		0		- €	
Pendientes de aplicar a presuposto	32		19.078,11 €		80		225.338,41 €	
Total	232	56,31%	1.234.956,65 €	68,58%	180	43,69%	565.772,09 €	31,42%

Das 412 facturas rexistradas ata 31/03/2025, importe total 1.800.728,74 €, a 31 de MARZO de 2025 existen:

- 232 obrigas por importe total de 1.234.956,65 euros están pendentes de pago a data 31.03.2025, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.
- 180 obrigas pendentes de pago por importe total de 565.772,09 euros a data 31.03.2025 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/01/2025 e 31/03/2025):

Neste trimestre o período medio de pago (PMP) foi de 26,44 días.

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 326 pagos por importe total de 2.723.474,40 €, dos que o 99,08 % foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta ao 99,10 % se o análise se realiza sobre os importes.

	PAGOS REALIZADOS NO 1º TRIM. (ata o 31/03/2025)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	296		2.337.658,96 €		2		1.428,56 €	
Investimentos reais (cap. 6)	21		351.608,28 €		1		23.012,14 €	
Otros pagos por oper. comerc.	6		9.766,46 €		0		- €	
Pendientes de aplicar a presuposto	0		0,00 €		0		- €	
Total	323	99,08%	2.699.033,70 €	99,10%	3	0,92%	24.440,70 €	0,90%

Das 326 facturas rexistradas e que foron pagadas no 1º trimestre de 2025, importe total xeral 2.723.474,40 €, a 31 de MARZO de 2025 existen:

- 323 facturas de importe 2.699.033,70 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 3 facturas por importe total de 24.440,7 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 1º trimestre 2025 atópase en 26,44 días, ten empeorado en 3,03 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 23,41 días), se sitúa POR DEBAIXO do máximo esixido, e polo tanto, CUMPRE o período medio de pago en termos legais.

En relación aos cálculos anteriores, advírtese que a obriga de remitir ficheiros 997 á Axencia Tributaria (AEAT), respecto das transferencias de pagos a provedores, no marco do Convenio de Intercambio de Información, aumenta o prazo de tramitación en ata 7 días, circunstancia que non é posible reflectir nos listados que de forma automática xera a aplicación informática Sicalwin.

Do mesmo modo, nos casos nos que o proveedor sexa recíprocamente debedor co Concello, pode aumentar o prazo de pago pola necesaria tramitación de expedientes de compensación de débedas. Tamén ten incidencia no proceso de pago cando é preciso requirir a presentación das fichas de comunicación de datos bancarios non presentadas a instancia do propio proveedor, esta circunstancia tamén dilata o proceso de pago material, o cal- como nos casos anteriores- non é posible reflexar nos listados que xera o aplicativo contable.

E por último, debe citarse que a aprobación neste trimestre dun importante volume de facturas a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos así como de determinados gastos do capítulo 6 (certificacións de obra) para as que se tivo que habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito son circunstancias que tamén teñen unha incidencia negativa nos resultados do período medio de pago.

3º) Intereses demora pagados 1º Trimestre. Data ref. 31/03/2025: IMPORTE 0,00 €.

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo					
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	Narón	Limitativa	26,44	323	2.699.033,70	3	24.440,70	0	0,00	40,52	232	1.234.956,65	180	565.772,09

QUINTO.-Obrigas de remisión de información.

O artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: “4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. “

A remisión de dita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

Se procede, por parte da Tesourería Municipal, á incorporación dos datos deste Informe á plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e ponse en coñecemento da Intervención Municipal para a súa sinatura en dita plataforma.

B/ INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES (PMP)

PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2025

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu período medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en diante PMP).

O período medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co período legal de pago establecidos na Lei de Contratos do Sector Público a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Mediante a modificación introducida polo RD 1040/2017, aclárase a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o prazo máximo de pago a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, de 29 de decembro. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar a adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pago, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Polo contrario, o segundo

constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pago das operacións comerciais, cuxo incumprimento provoca a reivindicación automática de xuros da débeda impagada dende o transcurso do prazo de pago aplicable prazo máximo de pago a provedores continúa estando en 30 días.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que: “2.(....) *Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:*

a) *La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

b) *La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

c) *La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (....)”*

Asemade, a “Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de julio” publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 “CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS” determina que:

“La “Ratio de las operaciones pagadas” en el trimestre, es el indicador del número de días de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.

El “Número de días de pago”: La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (....)”

En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (...)”

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigação.

Dende o 1 de xullo de 2019, púxose en marcha o sistema de conformidade electrónica das facturas no propio módulo de contabilidade (utilidade Firmadoc) , polo que dende esa data, o cómputo do PMP realízase dende a data de conformidade da facturas e non dende a de recoñecemento da obrigação tal e como sucedeu nos trimestres anteriores. En todo caso, debe terse en conta que a configuración técnica da utilidade Firmadoc implicou a imposibilidade material de realizar dita conformidade electrónica de maneira inmediata, esto é , dende o 1 de xullo.

TERCEIRO.- O artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que: “4. *La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portais web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de conformidade das facturas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ao 1º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón ,isto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes rateos:

En días				
Código de Entidade	Entidade	Ratio Operacións Pagadas de	Ratio Operacións Pendentes de Pago de	Período Medio de Pago Trimestral de
11-15-054-AA-000	Narón	26,48	40,50	32,08
11-15-054-AV-001	P. Cultura	1,87	11,00	1,88

En días	
Período Medio de Pago Global a Provedores Trimestral	
Narón	29,74



O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

C/ ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade) PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON
PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2025

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo	Intereses de Demora	Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo
-----------	---------	----------------------	--------------------------------	---------------------	--

Entidad			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	1,86	78	378.781,40 €	0	0,00 €	0	0,00 €	11,00	1	285,00 €	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

D/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA

**ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO
CONCELLO DE NARON**

PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2025

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica,

en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó periodo do encabezamento, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

						En días
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (euros)	Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	1,87	378.781,40	11	285,00	1,88

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

E/ COSMA

CÁLCULO PMP A FECHA 31/03/2025

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)		Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin desgargar	66,39		161	350.770,90	39	221.070,67
Total	66,39		161	350.770,90	39	221.070,67

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago a final del trimestre	Periodo medio del pendiente pago (PMPP) (días)		Pendientes pago al final del trimestre			
			Dentro periodo legal pago al final del trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin desgargar	35,13		61	269.661,20	5	58.273,99

O Concello Pleno, deuse por enterado.

11 °.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA"; EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012.. –Dase conta do seguinte informe:

SUBMINISTRO INFORMACIÓN 1º TRIMESTRE 2025

AO CONCELLO PLENO

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “*Ministerio de Hacienda*” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “*Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales*”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 1º trimestre do exercicio 2025, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “*Ministerio de Hacienda*” (artigo 5.1).

O Concello Pleno, deuse por enterado.

12 °.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025 . –Dase conta do seguinte: De conformidade co

disposto na base 10 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas definitivamente o 15 de maio de 2024 (actualmente orzamento prorrogado o orzamento para o ano 2025), remítese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondente o período abranguido entre o 1 de xaneiro ó 31 de marzo do 2025, e que corresponde o 1º TR/2025:.

1º TRIMESTRE/2025

1.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

P. INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	INGRESOS REALIZADOS	DEVOLUCIONS INGRESOS
37.681.368,80 €	6.639.089,59 €	9.593.535,57 €	8.313.482,96 €	27.078,69 €

2.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONES	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS REALIZADOS	REINTEGROS GASTOS
36.069.754,52 €	6.639.089,59 €	7.429.028,98	6.156.803,72 €	1,00 €

3.- INGRESOS E. PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECADACIÓN
----------------------	------------------------	------------

27,66 €	41.540,88 €	1.833.986,16 €
---------	-------------	----------------

4.- GASTOS E. PECHADOS.

PAGOS REALIZADOS	RECTIF. OBRIGAS RECOÑECIDAS
955.363,08 €	0,00 €

5.- COBROS NON ORZAMENTARIOS.

6.- PAGOS NON ORZAMENTARIOS.

POR OPERACIONES NON PRESUPUESTARIAS
1.701.718,95 €

1.574.789,51 €

7.- EXISTENCIAS TESOURERIA.

S. INICIAL	S. FINAL
13.405.590,62 €	16.540.744,69 €

Engádese á proposta o detalle do estado contable do 1º TR/2025.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

INCIDENCIA: Sae a Sra. Interventora Xeral sendo as 19:14'.

13 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REVISIÓN DAS OBRAS QUE SE ESTÁN A EXECUTAR NA MARXE DEREITA DA ESTRADA QUE PARTE DA AC-116 EN DIRECCIÓN AO CONVENTO DE BALTAR (ANTIGA AC-114). -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Revisión das obras que se están a executar na marxe dereita da estrada que parte da AC-116 en dirección ao Convento de Baltar (antiga AC-114)

O grupo municipal do Partido Popular de Narón solicítalle á alcaldesa de Narón que se emenden os traballos que se están a desenvolver referidos ao proxecto de saneamento na estrada que dá acceso ao Convento de Baltar dende a AC-116, no marxe dereito.

As obras que se están a levar a cabo presentan unha serie de importantes deficiencias, e que supoñen un importante risco de seguridade para peóns, ciclistas e demais usuarios da vía.

Neste momento, logo da execución dos traballos, a cuneta quedou cun importante desnivel; do mesmo xeito, as arquetas non están aliñadas para a colocación da canalización de augas pluviais, deixando espazos e ocos perigosos para viandantes e resto de usuarios, que non permiten a continuidade da beiravía ou dunha senda peonil e mesmo dificultan o cruzamento con vehículos de grandes dimensións se algún deles debe apartarse. Convén non esquecer que por esta estrada circula unha liña de transporte público, co que é frecuente o paso de autobuses, e no estado actual, a circulación non será tan segura como debera selo.

Debe reconsiderarase a actuación que se leva a cabo e incluír a canalización das augas pluviais nunha plataforma uniforme co resto de actuacións, de xeito que se poida empregar como beiravía ou senda peonil, o que permitiría incrementar o largo da estrada, gañando en seguridade e accesibilidade para peóns ou ciclistas entre outros.

Polo exposto, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.Solicitar que se leve acabo a canalización das augas pluviais e que se remate nunha plataforma uniforme en toda a marxe dereita en dirección ao convento de Baltar, de xeito que se poida empregar como beiravía ou senda peonil, gañando en seguridade e accesibilidade para os peóns ou ciclistas entre outros.

2.Que se convoquen as bases reguladoras de axudas para o pago das liquidacións tributarias de acometidas para abastecemento de auga potable e rede de sumidoiros na zona rural.

3.Que o prazo de presentación das solicitudes sexa de seis meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

Narón, 13 de maio de 2025

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de PP (3) e BNG (2); e as 5 abstencións dos membros de Tega) da Comisión informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 19-05-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Narón solicítalle que se emenden os traballos que se están a desenvolver ou se desenvolveron, os referidos ao proxecto de saneamento na estrada que dá acceso ao Convento de Baltar dende a AC-116, na zona do cruceiro.

As obras que se levaron a cabo presentan unha serie de deficiencias, e que supoñen un importante risco de inseguridade para os peóns, ciclistas e demais usuarios da vía.

Neste momento, logo da execución dos traballos, a cuneta quedou cun importante desnivel; do mesmo xeito, as arquetas non están aliñadas para a colocación da canalización de augas pluviais, deixando espazos e ocos perigosos para viandantes e resto de usuarios, como poden ser ciclistas, motoristas entre outros, non permiten a continuidade da beiravía ou dunha senda peonil e mesmo dificultan o cruzamento con vehículos de grandes dimensións se algún deles ten que apartarse. Convén non esquecer que por esta estrada circula unha liña de transporte público, co que é frecuente o paso de autobuses, e no estado actual, a circulación non será tan segura como nos gustaría a todas e todos.

Tamén na marxe esquerda cara ao final deixaron sen canalizar as augas pluviais que baixan da rúa Aldea Modia, e van provocar desbordamento pola estrada ao no estar canalizadas.

Tamén é necesario a revisión das gabias por onde se canalizou a rede de sumidoiros e o abastecemento polo afundimento que están a provocar estas gabias.

Polo exposto, solicitamos a modificación da actuación que se levou a cabo e incluír a canalización das augas pluviais nunha plataforma uniforme co resto de actuacións, de xeito que se poida empregar como beiravía ou senda peonil, o que permitiría incrementar o largo da estrada, gañando en seguridade e accesibilidade para peóns ou ciclistas entre outros usuarios, según os acordos que deu lectura o Sr. Secretario

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Mauriz Romero: boas tardes. Moitas grazas Sra.alcaldesa.

Ese tipo de deficiencias que comenta o portavoz do Partido Popular, é unha obra que a día de hoxe está sen recepcionar e cando sexa recepcionada polos técnicos serán eles os que consideren si está ben ou está mal executada esa obra.

O tema das axudas neste concello, as axudas para a taxa de acometida do saneamento sempre solemos convocar cara final de ano para que todas as persoas das diferentes obras de saneamento que se executan ao longo do concello poidan ter opción a acollerse a elas, así como tamén no último trimestre do ano anterior.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que nos dixo pouco. Si que esperemos que se convoquen esas axudas e tamén que se dé máis prazo de 15 días, para que a xente teña opcións a solicitar e que non se lle pase o prazo tan rápido. Porque normalmente nas últimas que o fixeron fixéronno para 15 días sólo.

E referente ao que lle decía da estrada, como lle dixen anteriormente, dende o Grupo Popular vemos urxente que reconsideren a actuación porque realmente a obra leva un tempo parada, a sensación é que está rematada e ademais lle mandamos algunhas fotos cunhas gabias que están afundidas e que creo que deberían revisar urxentemente porque ademais é fácil que a xente circule polo entorno, que como lle dixen non hai uniformidade na parte dereita e lóxicamente poden caer nesas fochancas que hai alí, no. E despois, é algo que creo que ademais que debían de aproveitar de deixalo como estamos propoñendo nesta moción, porque sería incluso un exemplo para poder actuar noutras zonas dos núcleos rurais onde posiblemente a veces, non temos ese diálogo cos veciños para que poidan facer a súa cesión dos seus terreos e chegar e facer uniformes esas carreteras, eses viais.

E creo que nese caso, xa non hai que pedir cesións aos propietarios e que deberíamos de aproveitar para que fóra unha das zonas onde puidera ser unha boa imaxe de Narón para ter referencia para cando se quixeran facer urbanizacións noutros cascos rurais.

Polo tanto, espero e desexo que o teñan en conta porque realmente dende logo Sra.alcaldesa, estou convencido que ninguén no seu sano xuízo con responsabilidades políticas ou técnicas deixaría a marxe dereita nesas condicións. Estou seguro que no, non sei se vostede é coñecedora de cómo quedou, se tivo oportunidade de ir visitalo pero senón recoméndolle que

o vaia visitar, que vaia camiñando, que non vaia no coche, que vaia camiñando, verá vostede como esa non é unha forma de deixar unha obra, nunha zona onde hai moita circulación, onde hai persoas que van camiñando continuamente e que queda nun estado lamentable. Así o espero. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 Abstencións

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

14 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, BNG E PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN URGENTE DE INVESTIMENTOS NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE NARÓN. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“Os Grupos Municipais de Terra Galega, BNG e PSdG-PSOEdo Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos o Goberno local de Narón ven poñendo en coñecemento da Consellería de Educación a deficiente situación na que se atopan os colexios do noso Concello. Así, en reiteradas ocasións en reunións con diferentes responsables da Xunta de Galicia dende o Concello deuse traslado destes problemas afectan a todos os centros educativos de Narón. Dende hai un tempo, obra en mans da propia Consellería de Educación un dossier elaborado polo Concello no que se detallan as principais deficiencias dos centros de ensino naroneses, sen que ata o de agora a Xunta de Galicia teña tomado ningunha medida ao respecto, nunha clara discriminación cara o alumnado do noso municipio.

No último ano esta situación agravouse no CEIP A Gándara onde se produciron ata tres desprendementos de cascotes na fachada do edificio, co conseguinte perigo para o alumnado.

Neste contexto, a ANPA a Buxaina do CEIP de A Gándara ven de facer público un comunicado no que denuncia o absoluto abandono do mesmo por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Como se indica no mesmo, este colexio presenta múltiples deficiencias estruturais tanto no exterior coma no interior do mesmo, feito que esta ANPA ven denunciando dende o ano 2019.

No Consello Escolar Municipal do 10 de xuño de 2024, é dicir, hai case un ano, o inspector educativo informou da aprobación do proxecto de obras para este colexio, pero hai uns días a ANPA tivo coñecemento de que estas obras non só no se van realizar este ano senón que non teñen data ara a súa execución.

A situación a día de hoxe, como indican dende a ANPA, é de absoluta inseguridade para os 370 alumnos e alumnas do centro, que ademais non cumpre coas mínimas condicións sanitarias esixidas a calquera institución pública.

Polo exposto, e ante a deixadez da Xunta de Galicia, proponse ao Concello Pleno a aprobación dos seguintes **ACORDOS**:

- 1- Esixir a licitación urgente das obras que a día de hoxe son imprescindibles para o correcto funcionamento do CEIP da Gándara.

- 2- Esixir á Consellería de Educación que elabore un plan urxente de investimentos en todos os centros educativos de Narón que dote á nosa rapazada dunhas instalacións dignas para a súa formación.
 - 3- Dar traslado deste acordos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia
- Narón, 14 de maio de 2025

Román Romero Franco
Voceiro de TEGA

Olaia Ledo Díaz
Voceira do BNG

Silvia Mª de Arriba Fernández
Voceira do PSdG-PSOE”

E visto o ditame favorable por maioría, con 8 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións do PP da Comisión informativa de Desenvolvemento Social e Igualdade de data 22-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ameneiro López: moi boa tarde a todas e a todos. Moitas grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, dende hai moitos anos, moitos, xa demasiados, o goberno local de Narón ven poñendo en coñecemento da Consellería de Educación a deficiente situación na que se atopan os coles do noso concello. Así en reiteradas ocasións e para facer un pouco de memoria porque esto a verdade, xa é unha demanda histórica, no ano 2020 e no ano 2022 entregáronse dosieres nos que se recollen todos os problemas que teñen os nosos coles a día de hoxe para dar traslado destes problemas á Consellería. Eses dosieres están na súa má. Eses dosieres son completos, recollen todas as demandas das deficiencias estruturais e do resto de deficiencias que teñen os nosos coles a día de hoxe e ata agora, non hai ningunha medida ao respecto.

No último ano, esta situación agravouse nun centro en concreto, que é no CEIP A Gándara onde ata en 3 ocasións, se desprenderon partes da fachada e doutras zonas tamén. Polo que as familias están intranquilas. E mandan intranquilas aos seus nenos e as súas nenas cada día a ese cole. Por ese motivo a Anpa A Buxaina, do Ceip A Gándara, fixo público un comunicado no que denunciaba o abandono do seu centro por parte da Consellería. Nese comunicado indícase que este cole presenta moitísimas deficiencias. Esta anpa leva denunciando e este centro leva denunciando esas deficiencias tamén dende hai moitísimos anos.

Por ese motivo, e que por todos os nosos coles se merecen que os defendamos e todos os nosos nenos e as nosas nenas se merecen que nós defendamos os seus intereses, esiximos a licitación urxente das obras no Ceip A Gándara, e esiximos un plan urxente tamén, urxente tamén para o resto de coles de Narón.

Hoxe tivemos unha nova, un anuncio, que di que a Xunta vai a sacar a licitación este mesmo ano, as obras de rehabilitación integral do Ceip A Gándara. É un anuncio. Queremos que sexa unha realidade, queremos ver esa obra, esa reforma, queremos que esa licitación cumpla con todas as necesidades que nos transmiten dende o cole, e das que todas e todos os que estamos aquí somos coñecedores. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: bueno neste caso tampouco me importaría que, digamos, como moción realmente foi proposta por Terra Galega e nos sumamos no me importaría incluso que fóra a voceira do BNG.

Bueno, antes de nada, si que me gustaría saudar ao persoal do SAF do Concello de Narón, que están hoxe aquí presentes, e como despois non vou a ter a oportunidade de mostrarlles e trasladarlles o agradecemento do seu traballo, dende aquí aproveitar esta moción para trasladarlles o noso agradecemento e que nada que aquí está o partido socialista para o que compre e que é necesario.

Bueno, polo demais e xa entrando no fondo desta moción, eu creo que hai mocións que son políticas e hai mocións que apelan ao sentido do ser humano. Esta é unha moción que ten que ser unha moción onde ten que velar neste caso, a concordia, e que ten que ser unha moción que teña que ir por unanimidade. Por qué? Porque a realidade que é que os colexios públicos, neste caso, de Narón, o que están vivindo é unha discriminación clara e flagrante respecto a outros colexios limítrofes e xa por ir un pouco máis alá, pois o concello de Ferrol. Simplemente botándolle unha ollada á fachada, ou simplemente á cartelería onde se anuncia digamos que é un centro público, simplemente ollar esa cartelería dos centros públicos de Ferrol respecto aos de Narón, os de Narón se ven deteriorados polo paso do tempo porque nunca tiveron digamos esa inversión, que a día de hoxe convirte aos nosos centros escolares pois practicamente de terceira. Aínda así somos moitos os pais que confiamos na educación dos nosos fillos a esa educación pública que digamos que consideramos que é garante dunha sociedade máis xusta e igualitaria que o día de mañá pois a que lidere ese futuro. Pero o que non podemos permitir é que cando vaíamos, os nosos nenos e nenas, a ese centro público pois que vaian nunha situación xa de discriminación respecto a outros centros por non ter digamos, as mellores instalacións posibles, pero polo menos que non se poña en risco a súa integridade física. E decímolo así e hai que decilo, e todo esto pois ven e acontece porque realmente por parte da Xunta de Galicia, se prometen certas cousas e se promete incluso que este verán están digamos a facer esas obras de mantemento que realmente, que supostamente se ían facer. Para a sorpresa neste caso, da Anpa máis do centro directivo e de pais e nais e que digamos, esa información que se nos traslada de que eso ía acontecer pois resulta que era mentira e que incluso se ía a pospoñer ata o ano 2028. Esa é a realidade. A realidade é que hoxe co anuncio que se fai e que acaba de anunciar, neste caso tanto a anpa e que se acaba de facer eco a voceira de ensino deste concello, existe un compromiso de que hai unha licitación a finais deste trimestre para facer digamos esa obra con carácter urxente. O que é triste é que se teña que acudir a esa presión neste caso, por parte dos pais e das nais e de toda a comunidade educativa a que se faga esto para que realmente dende a Xunta de Galicia, que se adopte esta decisión con carácter urxente.

Esa realmente é a tristeza en que se destinen os recursos públicos en función da presión que se fai e non das necesidades.

Polo tanto e aquí tamén me sumo, digamos, ao que é o clamor ten que ser desta corporación a que non é unha situación só do ceip da Gándara, senón que é unha situación pois da Solaina, do Ponte de Xuvia, etc.etc. é dicir, de todos os centros escolares.

Polo tanto, hoxe si que me gustaría que digamos que esa reunión entre comillas, secreta, que tivo a delegada territorial da Xunta e máis de educación onde se lles anticipaba que eso ía a ser así, pois que hoxe que saia reforzada cunha declaración institucional, pois este apoio a que se licite con carácter urxente. Nada máis.

-Sra.alcaldesa: só unha puntualización, se me permites un segundo. Eu si que tiven unha chamada neste caso, da delegada territorial para facer non dunha maneira extraoficial, senón oficialmente este anuncio que acaba de referirse Olga. Non é algo que sepamos neste caso, só polo centro escolar que tamén sei que tiveron esa chamada, pero eu mesma si que a recibín. É dicir, de maneira oficial se puxeron en contacto co Concello de Narón.

-Sra.Ledo Díaz: ben, eu ata que o vecha non o creo porque esa confirmación xa o dixeron hai uns meses ..., a comunidade educativa o celebrou con alegría de que se ía solucionar todas as deficiencias da Gándara e resulta que non era prioritario para a Consellería de Educación. Eso sí, vou agradecer por unha vez á Xunta de Galiza; agradézolle á Xunta de Galiza que neste pleno poidamos traer unha moción de maneira conxunta, agás os que gobernan na Xunta de Galiza, de forma conxunta para reclamar algo e creo que é importante facer esta moción e a concentración que houbo ás 6 da tarde no edificio da Xunta en Ferrol para que a Xunta se active, porque o que está claro é que hai un desmantelamento pensado sobre o ensino público en todo o país que é cando menos moi pero que moi grave. E cada ano cando empezan as escolas e abren as portas vémosto. Vémosto con falta de persoal, pechando unidades etc. etc. ou como os servizos básicos como os de almorzo, e xantares. Entón eu me preguntaría tamén, dende o Bloque Nacionalista Galego nos preguntamos que lle sucede á Xunta de Galiza con Narón. Porque van varios orzamentos onde se destina 0 euros en investimento no noso concello, sendo a oitava poboación e non me vale que me diga, pois en sanidade ou en tal.. porque son partidas xeralizadas para todos os servizos que ten que atender e que ten competencias a Xunta de Galiza, por moito que as siga desmantelando en beneficio da privada o Partido Popular, que lle pasa á Xunta de Galiza con este Concello que sigue a destinar 0 euros. Entre eles os colexios, porque isto non é novo.

A situación do colexio da Gándara leva anos así. Nós levámolo ao Parlamento Galego hai 3 anos e a resposta en pleno Parlamentar do propio conselleiro de ensino foi que eles atendían as cousas urxentes. Con resposta do deputado Mon, deputado desta comarca que lle dixo “non se escoitou que chovía dentro do centro”. Pois ben, resulta que para a Consellería de Educación non é urxente que choiva dentro do centro. Que temos agora? Chove dentro do centro, caen cascotes, hai problemas de humidades, é unha situación que un día vai acontecer

algo grave. Na Gándara e noutros colexios como ben mencionaba a concelleira Olga porque un día vai pasar algo no ceip Ponte de Xuvia cando teñen que modificar todo o tellado, e esa é obra maior e un día vai pasar algo tamén no ceip da Solaina, entón nos preguntamos que acontece, non nos poñamos a falar en cousas que ten que facer a Xunta de Galiza como quitar dunha vez, non só nos colexios de Narón senón en todos os colexios a uralita que todos e todas sabemos, xa que o amianto é canceríxeno, ben que o sabemos nesta comarca, é outro traballo que estamos levando no Parlamento Galego e hai que loitar e pelexar moito por eso. Porque os nosos nenos e nenas van a colexios onde está en perigo a súa saúde polo feito de casi todos ter aínda cubertas ... estar cubertos por amianto. Entón parécenos que esta moción e tantas outras son necesarias que ogallá fose por unanimidade pero que seguiremos denunciando aquí na rúa e onde faga falta para que se cumpla. E verdade que curiosamente hoxe ante a concentración que se fixo ás 6 da tarde, a Xunta anunciou que a final de ano, se ían a facer esas obras. Teremos que seguir insistindo para que si se fagan porque o que temos claro é que a vontade da Xunta de Galicia do Partido Popular non é axudar o máis mínimo ás familias e ás persoas que traballan nos centros públicos de ensino do noso concello. Nada máis. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, en realidade é que en Galicia temos un bo sistema educativo do que nos podemos sentir orgullosos e iso é debido a toda unha serie de políticas transversais, que se entrelazan e se complementan e coas que, nestes últimos anos, se acadaron grandes resultados:

Desde o grupo do Partido Popular de Narón, levamos anos traballando para que se realicen as obras de acondicionamento e adaptación aos distintos centros escolares públicos de Narón.

Neste caso podemos estar a favor dos acordos que se propoñen na solicitude pero non na exposición de motivos.

De feito hoxe a delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros acompañada do Director provincial de Educación, Indalecio Cabana, tiveron unha xuntanza coa dirección do centro donde hai o compromiso da Consellería de Educación, de sacar a licitación o proxecto integral do colexio da Gándara como gasto anticipado dos orzamentos do ano 2026, no último trimestre de este ano, por un importe aproximado de 1.600.000,00 €. Como ben di o proxecto é un proxecto integral onde recolle fachada, tellado, ventás, iluminación Led, envolvente..

E vostede Sra. Alcaldesa, é coñecedora destes datos ou creo eu que está informada de todo isto.

Como dixen antes, levamos tempo traballando neste e noutros asuntos relacionados coa educación e outros servizos de Narón.

Se no fóra así no sería posible que estivera redactado o proxecto e que esté nun proceso de revisión e axustes nestes momentos. Por eso que un proxecto de 1.600.000 para actuación nun colexio como é o da Gándara non se pode facer en 15 días nin en 8 días.

Sobre a exposición de motivos da moción, é preocupante algunhas das afirmacións que se realizan nesta moción Sra.concalleira, que vexo, creo que foi vostede a que redactou isto. Entón é preocupante o que se di. E voume referir a tres concretas:

1-Sen que ata o de agora a Xunta de Galicia teña tomado ningunha medida ao respecto, nunha clara discriminación cara o alumnado do noso municipio.

Bueno pois está faltando á verdade por non decir outra cousa. Mire, nos últimos 12 anos aproximadamente hai unha inversión da Xunta en educación en Narón, en máis de 2.700.000,00 €. Se quere despois pásolle a relación eh, que a teño.

O punto 2- O absoluto abandono do mesmo por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Sobre esta frase temos que preguntarlle ao Concello se vostedes fixeron os mantementos regulares, porque sabe que según a Lei de Bases de Réxime Local 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, vostedes teñen que facer o mantemento dos edificios. Gustárame saber se realmente os fan. A verdade é que non son capaces de reflexionar. E é preocupante porque deberían verse no seu propio espello, temos exemplos ven claros nos seus edificios, pabillóns das Lagoas, Mocidade, Complexo deportivo da Gándara, praza de Galicia, praza de tranvías, e podemos seguir, incluso este edificio.

Entonces creo que deberían de ser un pouco máis prudentes e creo que a prudencia é unha boa compañeira para un político e neste caso, creo que o debían de ter en conta.

E sobre o punto 3- É de absoluta inseguridade para os 370 alumnos e alumnas do centro, que ademais non cumpre coas mínimas condicións sanitarias esixidas a calquera institución pública.

A realidade é que creo que con estas afirmacións creo que lle fan un fraco favor ao centro para a captación de novo alumnado. A verdade é que creo que sí. Porque mire, cando a directora do colexio enviou, si, vostedes sonriáanse, a min non me fai gracia ningunha porque creo que estamos desprestixando algo que non é motivo para eso. Sr.portavoz, non lle gusta o que se está decindo parece, no. Eu cando vostedes faláron, cando a Sra.alcaldesa me dixo antes que parece que porque hai público que falo máis, falo sempre que teño a oportunidade, sempre falo. Haxa público ou non haxa público e eu agradezo que veña o público porque así sabe realmente como se fan as cousas en Narón e que se aproba neste pleno. Realmente gústame que veñan.

Entonces esa é un pouco a realidade do que estaba pasando. Estaba no punto cando a directora do colexio enviou á unidade técnica de educación ese informe de que caeran eses cascotes, viñeron facer unha inspección, revisaron e de feito, se comprobou que era da cornisa dunha ventá, ou das persianas e á semana trouxeron unha máquina para comprobar todas para que non houbera ningún problema porque nós creo que a calquera persoa humana neste mundo, está interesada en que non haxa accidentes. E esa é a realidade.

E despois este colexio estaba nun proxecto que é o proxecto para a reparación integral que está recollido na planificación 2024 - 2028. Eso é un pouco a realidade.

Votaremos a favor da moción, pero non podemos compartir parte do texto que aparece na exposición de motivos. Como lle dixen Sra.concelleira, os cales considero que están moi fóra de contexto do que pasou nese centro, e do que está pasando nos centros de educación de Narón.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ameneiro López: bueno, agradezo moito ese voto a favor e a verdade que non esperaba menos sendo a situación a que é. Pero si que lle vou a decir que o que recolle a exposición de motivos desta moción é o que recolle o comunicado da anpa, o movemento social dese cole. É literal. É literal, anpa, asociación de nais e pais de alumnas e alumnos. Dos usuarios dese centro. Isto é o que din eses pais e esas nais de esas nenas e desos nenos. Non é o que digo eu.

E despois lle vou a decir que fraco favor é o que lle fai vostede a ese centro se non recoñece todas as necesidades que teñen e todas as deficiencias que presenta. Ese é o fraco favor.

Reforma integral. Reforma integral, quero vela porque desas tuberías sae a auga marrón. É algo que transmitiu a dirección do centro, concretamente, que precisaba renovar esas tubaxes. Eso non ven recollido nese anuncio. Que imos a reformar o cole e imos a deixar as tuberías de 40 anos? Imos a deixar que os nenos e as nenas dos coles da Gándara sigan sin ir a abrir as billas dos baños porque teñen medo e lles cheira mal?

Os mantementos: por suposto, que levamos a cabo os mantementos, por suposto que si día a día se traballa nos coles de Narón. Que sempre é necesario máis? Tamén por suposto que si, tamén é certo. Necesitaríamos moitísimo máis mantemento. Si. Pero traballamos día a día nos nosos centros para cubrir as necesidades que aparecen en cada un deles. E eso é unha escusa de mal pagador. Eso é unha escusa. Porque todo, como vostede ben sabe, ten unha vida útil, e xa non falemos como decía Olaia, como decía a voceira do BNG, das cubertas. Xa non estamos a falar xa de vida útil, xa é unha cuestión de cumprir normativas. E de non estar expoñendo aos nosos nenos e as nosas nenas a esas cubertas día tras día. Eso non é unha cuestión de mantemento, estará de acordo comigo.

E aquí estamos a falar dos centros educativos. Non estamos a falar doutras instalacións. Non imos botar balóns fóra e poñernos a falar doutros edificios. Aquí o que estamos a falar é dos coles de Narón. E eso ten que quedar moi claro e queremos que eso sexa unha realidade. As obras non van a ser no último trimestre deste ano, as obras se lle comunicou ao centro que ían a ser o verán do ano que ven. Espero ansiosa o verán de 2026 para ver esa realidade. Moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: si, a ver, é que hai cousas que eu creo que por repetilas moitas veces non deixan de ser pouco graves. Que se fale de que non están de acordo, que na exposición de motivos se fale dun problema de saúde pública cando a realidade é que os nenos e nenas non abren as billas desa escola porque sae auga marrón, é máis, se comentaba tamén en comisión, é que os mestres e mestras non abren as billas porque sae auga marrón e é verdade o das tubaxes. Están completamente oxidadas, están podres, nas portas das aulas, cae oxido, ferruxe, e nas portas das aulas dos rapaces e rapazas que van ao ceip da Gándara, é máis, hai 2 anos foron técnicos da Xunta polo tema da eficiencia enerxética nas escolas para darlles un informe e tal, e dixeran eu.. pero como imos a facer se aquí nas ventanas entra auga, se non cumprides ningún dos requisitos.

Como nos mandou aquí a Xunta a mirar a eficiencia enerxética porque por todas luces se arranxan as persianas agora por culpa dos cascotes, o problema é que lles chove dentro das aulas, e eso é unha realidade ata 2026. E que se diga que mal que fan, porque así a xente non vai a ir a ese colexio, que xa me parece autenticamente vergoñento, autenticamente vergoñento. Cando o ano pasado pecharon a aula de infantil e tamén se queixaron a asociación de nais e pais de alumnos porque pechaban unha aula de infantil nese colexio que tiña máis prazas pero, sabe que fixo a Xunta de Galiza? Eso tamén o podemos soltar nos seus datos: as prazas que non colleron por pechar esa aula de infantil que non daría para eses 12 nenos pero si había 6, ofrecéronlle un concertado. Eso é o que fai co ensino público o Partido Popular e a Xunta de Galiza.

Eses nenos que pediron praza tivéronse que marchar ao colexio que querrían os pais non ao que lle propoñía ao mellor a Xunta de Galiza, pero eso é o que están facendo. Porque se está perdendo persoal de apoio... estamos falando das infraestructuras do colexio pero no ceip A Solaina hai verdadeiros problemas con respecto ao persoal de apoio, o persoal que necesitan os nenos e nenas con capacidades distintas ou con discapacidade ou con necesidades

específicas que non teñen abrigo unha vez que chegan a primaria. Eso está acontecendo nos colexios de Narón, e está a acontecer por desgraza, en todo o país. Entónces que nos falen aquí de mentiras porque ao final é mentira, non se pode aceptar, é intolerable. É intolerable por moito que agora nos digan que van solucionar de cara ao ano que ven o problema que ten o ceip A Gándara, grazas á mobilización social e que se plantou toda a comunidade educativa dese colexio, a federación de Anpas de Ferrolterra e todas as persoas e asociacións e entidades que os levan apoiando ate o de agora.

E eso é o que está a acontecer. Entónces eu o que pediría é que fóramos conscientes deso porque tamén somos sabedores do que hai que pelexar polas cousas. Porque pasou co cpi do Feal, que por certo, teñen problemas de persoal incluso na limpeza, que nos cpis corresponde á Xunta de Galiza, como seguro que ben saben. Pero tivo que saír unha familia a prensa e levalo nesa ocasión tamén o Bloque Nacionalista Galego ao Parlamento porque resulta que había un neno en cadeira de rodas nun centro que hai máis de 600 alumnos, porque non había o ascensor prometido en campaña tras campaña tras anos y anos e décadas. Non había un ascensor en condicións e o que fixeron foi aos nenos de primaria mantelos nunha aula de infantil, co material de infantil, en mesas de infantil porque os nenos soen medrar eh, tamén volo digo, e o digo como propia experiencia, hai que iralles facendo, igual que se compra a roupa, as mesas, as cousas tamén van en aumento. Estaban na aula de infantil cos seus compañeiros porque había un neno en cadeira de rodas que non podía estar nas aulas de primaria. Eso aconteceu tamén alí.

Entónces non nos veñan a decir que agora hai un proxecto, que hai un tal, que... xa digo cando vexamos aplaudirémolo. Pero mentres asumamos as consecuencias e non só da Gándara, senón do que acontece en todos os centros de ensino en Narón.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

É difícil entendela porque cando hai proxecto porque hai proxecto, e cando non hai proxecto é porque non hai proxecto. Estamos sempre a cabalo de onde podemos picar algo para desinflar a ver se desinfla, no.

Bueno, a realidade como lle dixen antes, Sra.Olga, non creo que.. a prudencia é unha moi boa compañía. E vexo que ao final que non foi vostede quen fixo a moción, que se basou no que escribiu a anpa ou alguén que a escribiu no, bueno, eu pensei que a analizara máis profundamente a cuestión e que estivera máis no centro, averiguar, ver realmente onde fóra o problema, e creo que non foi así, por eso que creo que bueno, non foi o máis acertado. Pero bueno, falando da vida útil, si que é importante o mantemento eh, moi importante. Porque vostede ten un coche, volve poñer un exemplo, que seguro que o sabe perfectamente que si o fabricante lle di, todos os anos lle ten que cambiar o aceite e vostede non o cambia e o vai repoñendo, en vez de durarlle 300,500 ou 600.000 kms., vaille durar 100.000. E esto pasa igual, o teito hai que .. os tellados dos colexios e todo eso hai que limpialos. Hai que revisalos, hai que mirar se o tornillo está floxo e poñelo para que non choiva, hai que mirar esa fiestra que ten non sei que... ese é mantemento. E vostedes teñen que facelo. E cremos e consideramos porque así nolo fan chegar, que non se está facendo, entónces bueno, oíe, teñen que asumir tamén a súa parte que eso é como debe ser.

E despois sobre o da auga sucia, bueno, pois creo despois do que levan dito xa che faría Cosma un informe decindo esto... e me gustaría ter ese informe de conforme esa auga sae sucia, e que nos digan cal é o motivo, loxicamente eso sería o ideal. Ter o informe e entónces, Sra.alcaldesa, pídlle que se hai ese informe que nolo pase.

Pero non tarde como foi co tema do pavillón do Val que tardaron 2 meses en pasarnos o plan que tiveron que reformar porque non estaba feito. Entónces non vaia aquí tamén tardar outro

tanto porque temos que aproveitar como di a Sra.concelleira, se non está no proxecto integral ou das tuberías, temos que comunicalo para que as metan. Entonces é importante telo, verdade que si? Non imos esperar e despois di “ no, é que hai este outro problema que non tal....” Estamos no momento. Entonce que non se vaian a olvidarnos de pasar o informe. Porque vostede sabe alcaldesa, que levamos tempo traballando nesto e polo tanto, hai que seguir. E temos que seguir poñendo as cuestións que se non veñen en orden que se poñan en orden. Esa é unha parte que nos corresponde a nós tamén, aínda que estemos na oposición. E a nós gústanos facelo e non nos gusta que as cousas pasen sen revisar, e se hai ese problema fágannos chegar o informe e nós encantados para que se solvente ese problema tamén. O que nos queremos é eso e eso é a realidade.

Como dixen antes, votaremos a favor e seguiremos traballando porque é o que corresponde. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: cantos anos ten o seu coche? 50. É dicir, vostede facía un símil co seu coche. O seu coche ten 50 anos? Claro, esa é a media dos colexios que teñen da idade dos colexios de Narón. Que pasa? Que evidentemente como ben se decía, por moito mantemento que se lle faga, chega un momento en que a vida útil, como ben se decía, e non é un término noso, chega ao seu fin. É dicir, e hai que facer unha substitución integral. E que vostede me fale de prudencia, que fale neste caso do tema das tubaxes, no momento que ... aínda teño que dicir unha cousa, é dicir, eu tiven e agradezo esa deferencia que tivo neste caso Martina Aneiros de chamar a esta alcaldesa para dicir, antes de anunciar de mandar unha nota de prensa o que se ía a facer. Evidentemente todavía non vimos o proxecto. Si que é verdade que sabemos e intuimos que non leva desas tubaxes e créame que é moi triste que teña que ser unha vez máis, neste caso, a Alcaldía ou a concellería de ensino quen lle traslade á Xunta o que está pasando nos seus centros escolares. É dicir, que xa lles trasladou en varias ocasións, a dirección do centro. A dirección do centro llo trasladou á Consellería en varias ocasións e a maiores, dende o Concello de Narón en varias ocasións á anterior conselleira, se lle fixo esa entrega persoalmente desta persoa que está a falar unha situación de cómo estaban os colexios de Narón. E sabe que pasa? Que a día de hoxe é moi triste que 6 anos despois, a situación segue sendo a mesma. Por que? Porque agora mesmo e grazas entendo e que me da pena que sexa neste caso por esas mobilizacións, e que non atendan ás necesidades reais de todos os centros escolares de Narón. Sí se vai a facer neste. Se di que se vai a facer. Agradezo que se diga. Gustaríame velo. Pero evidentemente hai moitísimos máis centros escolares que necesitan a súa actuación. E xa llo dixen e creo que consta neste pleno que se aprobaron distintas mocións, no que facíamos o compromiso, incluso vostede mediou para que se tivese en conta o ofrecemento que se facía incluso de establecer algún tipo de convenio, de facer ordenadamente como están os análises de todos os centros e ver en cales ían a investir e en cales non. Sabe en que quedamos? Por agora en nada. E hoxe e hai unha semana, cando estivo a delegada territorial neste concello volvinllo a recordar, de cómo era a situación e hoxe telefonicamente cando me chamou volvinllo a recordar. Encantada da vida de volver a pasar unha vez máis o dossier de cómo están os colexios de Narón. Se neste caso, a Consellería descoñece como é a realidade deles. De verdade, encantada de facelo. Pero é moi triste que teñamos que volver a dicir que no colexio da Gándara, sae auga marrón e evidentemente se sabe cal é o motivo. Sabe por que? Porque na casa do lado, nin na outra máis, nin na outra de enfrente non sae. Entón evidentemente é un problema do propio centro e son coñecedores del. Entón agradecería.... Parabéns en que se faga esta licitación e que se faga reforma da envolvente, entendo que son fondos europeos que veñen destinados para eso, pero por favor,

non se esquezan do resto dos centros escolares de Narón e non se esquezan de algo tan básico como que os nenos poidan ir ao baño e que saia auga limpa.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A DESTINAR PARTE DO AUMENTO DO GASTO MILITAR A INCREMENTAR A CARGA DE TRABALLO E MELLORAR AS INSTALACIÓNS DOS ESTALEIROS DA RÍA DE FERROL. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A DESTINAR PARTE DO AUMENTO DO GASTO MILITAR A INCREMENTAR A CARGA DE TRABALLO E MELLORAR AS INSTALACIÓNS DOS ESTALEIROS DA RÍA DE FERROL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O contexto xeopolítico actual e os compromisos adquiridos polo Estado Español no seo da Unión Europea e a OTAN levaron ao Goberno de España a anunciar un incremento progresivo do gasto militar. Este investimento, necesaria para reforzar as nosas capacidades de defensa, representa unha oportunidade única para xerar un retorno positivo e directo naquelas áreas xeográficas que historicamente foron piares fundamentais da industria de defensa no noso país.

A comarca de Ferrolterra, e de maneira moi significativa o noso concello de Narón, manteñen un vínculo indisoluble co sector naval, representado principalmente polos estaleiros da ría de Ferrol (Navantia) e a súa potente industria auxiliar. Este sector é estratéxico para a nosa economía, non só pola súa capacidade técnica e a alta cualificación do seu persoal, senón por ser unha fonte crucial de emprego de calidade que sustenta a numerosas familias en Narón.

A pesar da súa relevancia histórica e o seu potencial futuro, os estaleiros da ría de Ferrol necesitan de maneira constante unha carga de traballo que garanta a súa viabilidade a longo prazo e permita a súa modernización para afrontar os retos tecnolóxicos do futuro.

Consideramos que o aumento do gasto militar, especialmente aquel dirixido a programas navais, debe ser xestionado de forma que beneficie directamente á nosa industria naval pública. Unha parte destes fondos adicionais pode e debe ser destinada a asegurar carga de traballo continuada para os estaleiros da ría de Ferrol e a realizar investimentos que impulsen a modernización das súas instalacións, optimicen os seus procesos produtivos e melloren as súas infraestruturas crave, como a tan demandada construción dun dique cuberto.

Investir nos estaleiros da ría de Ferrol non só fortalece as nosas capacidades de defensa, senón que supón un impulso decisivo para a economía local e comarcal, xerando e mantendo emprego digno e de calidade, e asegurando un futuro para as próximas xeracións de Narón e Ferrolterra.

Por todo iso, e considerando xusta e necesaria esta reivindicación para o futuro do noso tecido industrial e social, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Narón somete a consideración do Pleno a seguinte:

Acordos:

1. Instar o Goberno de España a que unha parte significativa dos fondos adicionais destinados ao aumento do gasto militar sexa asignada directamente a incrementar a carga de traballo e mellorar as instalacións dos estaleiros da ría de Ferrol (Navantia).
2. Solicitar ao Goberno de España que esta asignación de fondos concrétese no investimento en programas navais, incluíndo a construción de novos buques e programas de modernización da frota, que garantan unha actividade continuada na factoría ferrolá.
3. Instar o Goberno de España a que se destinen investimentos específicos á mellora de infraestruturas crave nos estaleiros, como a construción dun dique cuberto e a optimización de talleres e procesos produtivos, fundamentais para a súa competitividade e eficiencia.
4. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, ao Ministerio de Defensa, ao Ministerio de Industria e Turismo, aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e o Senado, á dirección de Navantia, aos comités de empresa de Navantia Ferrol e Fene, e ás asociacións empresariais da industria auxiliar do naval da ría de Ferro Narón a 09 de maio de 2025.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor (1 PP e 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 TEGA, 1 BNG) da Xunta de Portavoces celebrada en data 26-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Ulla Rocha: grazas.

Bueno, esta moción ten o seu xeito pois a raíz do contexto xeopolítico no que se está a vivir hoxe o mundo. A realidade, digamos, que estamos a vivir a abundancia non é coa que nos criamos hai moitos anos. Tiñamos, digamos, identificado máis ou menos cales eran países aliados e cales eran digamos os países que non eran aliados, por non dicir enemigos. Hoxe eso todo mudou. Saltou polos aires. Hoxe os nosos compromisos tanto a nivel europeo como a nivel internacional de cara ao outro lado do Atlántico, pois lle saltaron polos aires e hoxe nos obrigan a que a realidade sexa en que a democracia, neste caso a democracia europea incluso, a democracia española pois teña que facer maior investimento dos mesmos gastos en Defensa. O que se traslada nesta moción precisamente dentro do que é o concello de Narón na súa comarca é que parte dese aumento en gasto militar que nos obrigan os convenios internacionais pois que sexa destinado, a un gasto que se poida converter en gasto social a través neste caso de aumentar a carga de traballo nos nosos estaleiros, e mellorando esas

instalacións como a tan demandada obra do dique cuberto. Esas obras van supoñer un salto cualitativo respecto aos nosos estaleiros que poidan neste caso traballar practicamente todo o ano e que sexan practicamente competitivos en relación con outros estaleiros doutra parte do mundo.

En resumen, o que se traslada nesta moción é converter algo que a priori poida ter unha connotación neste caso negativa como é aumentar o gasto en Defensa nalgo que sexa algo positivo que é aumentar neste caso o gasto social en relación a unha comarca como é a nosa como depende tanto, tanto o naval e en concreto este concello que realmente é unha extensión máis..... é o estaleiro seco neste caso da Ría de Ferrol, no noso Río do Pozo. Polo tanto, solicito neste caso ao Pleno o apoio e así neste caso trasladar aos distintos estamentos que se articulan no texto da moción a fin de que coñezan de primeiramán, que en Narón apoiamos digamos que de primeiramán esa moción. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: o Bloque Nacionalista Galego non vai ser quen se opoña a esa carga de traballo nos nosos estaleiros e seguiremos loitando para que en Navantia-Ferrol sigan tendo carga de traballo, cando menos a mesma carga de traballo que se fai por exemplo co estaleiro de Cádiz, porque deso estamos sobrados de saber o que está acontecendo tanto con gobernos do Partido Socialista como con goberno do Partido Popular pero tamén que se poida facer buques civís en Navantia-Fene, onde por certo hai anos había máis de 10.000 traballadores, había quendas, e onde podíamos facer barcos porque a min que me digan aquí os do Partido Socialista co seu veto político no seu momento, nun planeta onde as $\frac{3}{4}$ partes son océanos non poidamos facermos buques, por exemplo, de mercadorías. Seguindo eso, entendemos que ten que ter carga de traballo Navantia e que hai que investir moito máis. Porque agora mesmo coa carga de traballo actual e eso sabémolo con coñecemento do que nos din os traballadores e traballadoras de alí, por exemplo estamos tendo problemas de ter xente cualificada. Hai xente cualificada pero se necesita máis. Están vindo soldadores de Brasil por non ter soldadores neste país suficientes e eso acontece con máis. Hai que investir en I+D, hai que investir en centros de formación profesional, aí a petición no, de Narón, de ter un ciclo integrado de formación profesional e activar as carreiras e ter carga de traballo porque por suposto, é o que se merece esta comarca e o que levamos loitando. Que aí se fale de rearme e investir o 2% nos orzamentos e que se nos fale de aliados, home neses aliados está EEUU e xa vemos o que está facendo cos seus propios aliados e permitindo xenocidios como os de Palestina ou os de Sudán, é para botarse a temblar. Imos dicir unha cousa. Aquí xa se aumentou por Lei da Unión Europea porque é un negocio moi interesante para uns poucos, non para as persoas que traballan nos estaleiros en gasto militar e non repercutiu en Navantia da Ría de Ferrol. Repercutiu noutros sitios. Entonces ligar unha cousa coa outra pode valer para xustificar que se destine o 2% do orzamento do estado, aí o PP e o PSOE parece que si están de acordo a isto, pero lles imos dicir unha cousa. Se vostedes gañan 1.300 euros de salario ao mes se pagan 500 euros no alugueiro da súa vivenda quedánlles 800 euros para vivir. Se ese alugueiro pois porque é necesario, porque hai que investir e porque agora a vivenda está moi cara, sube a 700 euros, a vostede xa non lle quedan 800 euros. Quedánlle 600 euros para vivir a vostede e a súa familia. Entonces ten menos diñeiro. A min que me digan onde van a recortar porque o estado español máis diñeiro non ten, entonces ao Bloque Nacionalista Galego se nos fan escoller entre bombas e hospitais quedámonos en hospitais; se nos fan escoller entre tanques e colexios, quedámonos cos colexios.

Entonces carga de traballo si, porque xa está habendo noutros sitios e noutros estaleiros públicos en detrimento desta ría. Que se poidan facer buques civís tamén en Navantia-Fene e que volva a ser o estaleiro que sempre foi e que sabemos facer, porque outra cousa no, pero en

Galicia traballar sabemos facelo e ben, ou por exemplo, destinar ese diñeiro social, hoxe temos aquí as traballadoras do SAF tan mal pagadas, ao mellor dese 2% deixar a 1,5 e destinalo a todas as persoas que tamén todos os días están traballando. Eso é o que consideramos gasto social. Entón claro que queremos carga de traballo ... parécenos populista e utilízalo para algo que eu creo ou quero pensar que nin sequera opina. Porque insisto dende que o estado español, por obriga da Unión Europea, subiu hai 3 anos tamén o investimento en gasto militar, aquí non houbo máis carga de traballo nin mellorou o mundo. Seguimos cunha guerra en Europa, seguimos vendo xenocidio en Palestina, vemos a guerra en Sudán, vemos o que está pasando en Yeme e non vemos o que está pasando aquí en moitas situacións. Entón nós, imos a apostar sempre pola paz. Entón vendernos o rearme para o negocio de 4, no, eh. Carga de traballo sempre.

Pero nesta moción se lía unha cousa coa outra para defender algo que espero que por dentro non sexan capaces de crer. Xa digo, non vai ser por nós, que esta moción non salga, nós non imos votar en contra pero dende logo cremos que non se deben utilizar as cousas e a vulnerabilidade da xente porque ao final somos unha comarca que necesitamos como en todos os sitios do mundo traballar, e mellorar e ligar unha cousa coa outra porque volvemos a decidir, cando o vexamos o cremos. Pero dende logo, habería que meter moitas máis cousas nesta moción como a formación, o I+D e investimentos realmente claros. Se se quere utilizar para contar outra historia, pois bueno, aí cada quen coa súa conciencia.

-Sra. Novo Mouriz: gracias alcaldesa.

Buenas tardes a todos, membros de la Corporación, vecinos y vecinas. Hoy debatimos una moción presentada por el grupo municipal socialista que pide al Gobierno de España, que parte del incremento del gasto militar se destine a reforzar los astilleros de la ría de Ferrol. Desde el Partido Popular de Narón vamos a apoyar esta moción. Lo hacemos por coherencia, por corresponsabilidad y por compromiso con esta comarca. Pero que no se malinterprete, nuestro voto no es un cheque en blanco. Resulta sorprendente que esta petición venga del partido socialista. Que un partido reclame aquí en este pleno lo que su propio gobierno no ha hecho en 7 años sólo pone de manifiesto una realidad incómoda. Ni Pedro Sánchez ni su ejecutivo han tenido nunca una voluntad real de apostar por Ferrolterra. Durante todo este tiempo lo único que hemos recibido son anuncios huecos, retrasos reiterados y promesas que nunca llegaron a cumplirse.

¿Dónde están las inversiones prometidas? ¿dónde está el calendario concreto de actuaciones? ¿por qué el partido socialista necesita orientar a su propio gobierno central a hacer lo que se niega sistemáticamente a ejecutar?

Conviene dejar algo claro: este incremento del gasto militar no es fruto de una convicción del gobierno de Pedro Sánchez, no responde a una estrategia nacional de fortalecimiento industrial, ni a una apuesta por el futuro de nuestros astilleros. Se trata simple y llanamente de una exigencia de nuestros socios internacionales. La Unión Europea y la Otan llevan tiempo reclamando que España eleve su inversión en Defensa hasta el 2% del pib. Y estamos todavía lejos de alcanzarlo. En este contexto el gobierno se ve forzado a aumentar el gasto y ahora intenta presentarlo como una gran oportunidad para territorios como el nuestro. Pero la realidad es otra, ese gasto no se está traduciendo en inversiones efectivas en Ferrolterra mientras otras regiones sí reciben fondos, sí reciben carga de trabajo, sí reciben infraestructuras y aquí seguimos esperando. Nuestra comarca ha sido y debe seguir siendo un eje estratégico de la defensa naval en España. Nuestros astilleros de industria auxiliar, el conocimiento técnico acumulado durante décadas son un activo de primer nivel. Aquí se han construido los grandes buques de la Armada, aquí se ha generado empleo de calidad,

innovación y riqueza, pero sin contrato, sin planificación y sin apoyo político ese potencial se diluye y lo que estamos viendo es justamente eso, un abandono progresivo.

Veamos los hechos. El proyecto estrella, las fragatas F 110, se anunció a bombo y platillo como la salida de los astilleros de Ferrol, pero ya acumula retraso significativo. El primer corte de chapa fue en 2022. La entrega se preveía para 2027 pero la propia Navantia ya ha admitido desviaciones en el calendario. No hay ritmo ni claridad y la carga de trabajo real está muy por debajo de la prometida. La construcción del dique cubierto crucial para asegurar la competitividad futura del astillero. Sigue sin fecha concreta ni partida presupuestaria definida. La industria auxiliar sobrevive en una situación de incertidumbre total, sin contratos suficientes, sin interlocución clara con el gobierno.

Mientras tanto, otros países europeos como Alemania o Polonia ya han traducido ese aumento del gasto en Defensa, en procesos sólidos de reindustrialización, España en cambio, sigue en el 1,3% del pib y cuando hay inversión no llega a Ferrol, llega a otros territorios porque allí sí hay voluntad política.

Esto no va de confrontar por sistema, va de defender lo que es justo porque en esta comarca cada contrato que no llega es una empresa que cierra, cada inversión que se retrasa es una oportunidad que se pierde, cada titular sin presupuesto es una falta de respeto a generaciones que han levantado esta industria. Narón, Ferrol, Fene, Neda, necesitan hechos, necesitan inversión, planificación, formación, infraestructura, I+D y contratos a largo plazo. No se puede construir un futuro industrial con palabras vacías. Desde el Partido Popular de Narón exigimos al gobierno de España un calendario claro y público de inversiones en Navantia-Ferrol, la ejecución inmediata del dique cubierto, nuevos contratos que garanticen carga de trabajo con más allá del 2027 y el fin de la discriminación territorial, lo que se promete en Galicia debe ejecutarse en Galicia.

Esta moción puede ser el inicio de un cambio pero sólo si hay compromiso real detrás. No permitiremos que se convierta en papel mojado. Desde hoy y con el apoyo unánime de este pleno (esperemos) haremos seguimiento del cumplimiento de esta petición y permaneceremos vigilantes. Ferrolterra no puede seguir siendo ignorada, esta tierra ha dado mucho a España, ahora toca que España y su gobierno respondan como es debido porque esta comarca vive del mar, de los astilleros y de su gente y lo único que pedimos es lo que merecemos: respeto, inversiones y futuro. Muchas gracias.

-Sr.Ulla Rocha: bueno, a verdade é que a moción dá para debatir. Bueno, imos a falar da realidade que estamos vendo todos os días que imos pois pasamos pola autopista e vemos, ademais incluso que percibimos no noso día a día. Vemos incluso que hoxe hai carga de traballo, sabemos ademais que hoxe o traballo que abunda e ese traballo na nosa comarca non nace do aire. Ese traballo nace de que precisamente, oie, que hoxe hai tanta carga de traballo nos estaleiros e en concreto grazas a inversión que se fixo dende o goberno central desbloqueando neste caso, a construción das fragatas polo valor de casi 15.000 millóns pero non só das fragatas, ... e a maiores precisamente o que se traslada desta moción é a que se adopten digamos, as inversións necesarias precisamente para modernizar ese estaleiro. Falaba a voceira do BNG en relación a que hoxe un dos principais problemas que temos no estaleiro é precisamente a falta de man de obra cualificada e precisamente que temos que traer xente doutros países, migrantes, que veñen a complementar precisamente e xerar riqueza a este país e co seu traballo que sexa unha realidade esas fragatas. Pero a realidade (valga a redundancia) precisamente é que ese persoal cualificado que hai 15 anos vivía nesta comarca tivo que emigrar, tivo que emigrar precisamente porque os estaleiros estaban vacíos, as gradas estaban vacías de barcos e como estaban vacías de barcos foron moitas as familias que tiveron que

reciclarse e que tiveron que abandonar neste caso a comarca. De aí o decrecemento poboacional tanto que sufriu Narón como Ferrol, que viron como ano tras ano perdían neste caso, habitantes.

Hoxe grazas a esa carga de traballo, tanto Narón como Ferrol, neste caso concellos limítrofes, están xerando e están adquirindo poboación. Pero imos moito máis alá, imos a dicir neste caso, puntualizar que esta competencia neste caso, da formación, desa información dual que nós incluso dende o Partido Socialista apostamos e cremos que é unha solución acertada para que no futuro, ese día de mañá esa competitividade que teñen que ter os nosos estaleiros non sexa en cortar chapas ... en saber facer barcos, pois esa competencia que non debemos ter con outros países doutras latitudes nas cales nos perderíamos, pois é unha competencia da Xunta de Galicia. É dicir, a Xunta de Galicia a día de hoxe ten que percibir que precisamente que existe unha realidade, formacional en relación ás novas xeracións que van ocupar o día de mañá os postos que hoxe ocupan os seus pais e nais e ten que cargarse desa formación e axeitalo á realidade dos nosos estaleiros. Pero falabamos tamén de ...buenos falaba neste caso, dende o BNG, de que esa inversión de que tiña tamén que ir a colexios e hospitais. Ben, colexios, hospitais, aquí son competencias tamén que están transferidas á Xunta de Galicia e mira, incluso, exhibiu antes a Sra.Ferreiro, un documento en relación a que se ía a arranxar neste caso, o ceip da Gándara con fondos neste caso, de transición que foi recepcionada co goberno de España da Unión Europea. É dicir, son cartos que o goberno lle transfere á Xunta de Galicia para que poida investir en colexios.

O Partido Socialista defende e sempre defenderá, foi neste caso un compromiso do presidente do goberno a que non vai haber recorte social, que non vai haber ningún recorte social para facer neste caso un incremento en gasto de defensa, por que? Porque esa riqueza de estes anos de superhabit que está E simplemente o único que se fai é digamos que todos os indicadores internacionais están destacando neste caso, a economía española como os seus índices de crecemento pois por encima da zona euro e incluso neste caso, no seu contexto internacional, pois o que se fai simplemente é digamos desa boa xestión económica pois destinar precisamente, ese superhabit a cumprir os nosos neste caso, compromisos internacionais que de certa maneira estamos obrigados. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: ben, está claro que, ou que non entendemos ou non queremos entender. Nós o que queremos dicir é que se perdeu base social para traballar, é certo, eso é así e a xente emigrou e hai que contratar non a persoas que veñen e se quedan aquí por desgraza, senón a empresas foráneas co que a riqueza se destríbúe en todos menos deixar aquí porque neso tamén somos expertas no, de empresas que fan a súa vida en Galiza pero logo cotizan en Madrid, logo saíu Ayuso decindo que lle reparte diñeiro cando é ao revés. Ela é rica porque vive da riqueza do resto dos territorios.

E o que é unha realidade é que hai menos base social, unha porque os nosos irmáns e irmás tiveron que emigrar por non ter unha carga de traballo que antes se tiña tanto en Navantia Ferrol como insisto, en Navantia Fene, a antiga Astano, que facía buques civís ata que o Partido Socialista aprobou un veto que logo cando xa estaba todo desmantelado decidiu quitar e o que é unha realidade que hoxe no estado español non existen orzamentos e todo parece que non vai existir. Entón ligar unha cousa e volvo a repetir, xuntan 1.300 euros e o que destinaba 500, pase a destinar 700 euros quedalle menos cartos para o resto. Entón dicir que non se vai retirar noutras partidas tan necesarias, faisenos imposible porque as contas é algo que nos ensinan a facer dende que temos 6 anos. A primeira conta que facemos é sumar e logo restar. Entón nós aquí vemos que o que quere o Partido Socialista é envolver algo que vai ir en detrimento dos servizos públicos e dicir que haxa carga de traballo. Xa digo claro,

carga de traballo sí, pero é que agora xa se lles obrigou a subir o orzamento en gasto militar e ese diñeiro que dixo xa estaba aprobado con anterioridade. Entonces tampouco fagamos trampas ao solitario e intentemos vender cousas que non son porque cando menos eso sería grave. E que ademais hai argumentos tan..... e unha persoa, non vostedes eh, pero do partido socialista decíame “ e que necesitamos guerra para que Navantia.... “ eso tampouco é certo porque eso é como dicir que unha persoa médico de ciruxía torácico necesita cancos de pulmón para o seu traballo. No, ogallá que non os haxa. Entonces habrá primeiro que apostar pola paz. E logo veñen unhas mocións que intentan vender algo utilizando a vulnerabilidade e necesidade de traballo dunha comarca que non nos parece, sinceramente, non nos parece .. outra cousa é que si, claro, carga de traballo toda é necesaria pero hai outras maneiras de investir ou de intentar non xogar ao que se está xogando con esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 A Favor

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

16 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POR UNHA OFERTA ELECTORAL MAIS PRÓXIMA Á CIDADANÍA E EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

POR UNHA OFERTA ELECTORAL MAIS PRÓXIMA Á CIDADANÍA E EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Narón unha cidade con aproximadamente 40.000 habitantes, pasou ao longo dos anos de ser un pobo a unha cidade, onde os veciños deixaron de tratarse de ti a ti a non coñecerse nin os que viven na mesma rúa, sobre todo na zona urbana.

Polo cal en período de eleccións é moi importante facilitar o coñecemento dos candidatos entre todos os habitantes do Concello.

Narón oferta locais socias para a realización de mitins, paneis para a colocación de carteis (aínda que non se ofertan en todas as parroquias). Con todo non autoriza a colocación de bandeirolas nos báculos da iluminación pública. Cando a maioría dos concellos da comarca si o fan (Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Neda, As Pontes, San Sadurniño e Valdoviño).

Se a isto engadimos que nas campañas Municipais dos anos 2019 e 2023, os catro partidos que teñen representación Municipal TEGA, PP, BNG, PSOE colgaron carteis en calquera poste que non fosen farois de iluminación pública (postes de telefónica, etc). Polo cal non ten

razón de ser que o concello de Narón siga sen autorizar a colocación de bandeirolas nos báculos da iluminación pública.

Por todo o exposto e en aras de buscar a igualdade de oportunidades entre as distintas candidaturas. Facemos un chamamento a todos os representantes públicos desta corporación e ao seu sentido do deber e a responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación. Á adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. O Concello de Narón ofertará a colocación de pancartas, bandeirolas e carteis nos postes ou báculos da iluminación pública en período electoral.
2. O Concello de Narón ofertará durante a duración da campaña electoral das eleccións Municipais o Auditorio Municipal (en horario de 19.00 h a 22.00 h) e o café-teatro para a realización de actos electorais, coa limitación dun único uso por campaña, para cada unha das organizacións políticas que concorran ás devanditas eleccións locais.
3. Que en todas as parroquias e barrios do concello de Narón haxa taboleiros publicitarios gratuítos para a colocación de carteis.
4. Adquirir o compromiso por parte de todos os Grupos Políticos para a retirada de todo tipo de propaganda electoral durante os 30 días seguintes á finalización da devandita campaña electoral.

Narón, 26 de maio de 2025

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular”

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor (1 PP e 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 TEGA, 1 BNG) da Xunta de Portavoces celebrada en data 26-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

Hai unha **emenda que presenta o Grupo Municipal do BNG** para engadir no punto 2 despois do último punto: “2. *Así mesmo incluír o café teatro como local electoral para uso das organización políticas que o soliciten co dereito dun único uso en campaña electoral por grupo*”.

-Sr.Castrillón Permuy: si, aceptamos a emenda.

Ademais no punto 2 temos unha ampliación “ *coa limitación dun único uso para as organizacións políticas que concorran para as devanditas eleccións locias*”. Esa ampliación.

(*Por min, se lé a moción tal e como quedaría coa emenda e a engádeda do PP*).

DEBATE

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, presentamos esta moción por unha oferta electoral máis próxima á cidadanía e en igualdade de oportunidades.

O Concello de Narón é unha cidade moi próxima aos 40.000 habitantes, pasou a longo dos anos de ser un pobo a unha cidade, sendo actualmente a 8ª cidade da Galicia en habitantes.

Aínda que segue habendo datos moi curiosos no crecemento demográfico de Narón, teño algún exemplo.

No ano 2022 o 63,06% dos habitantes de Narón naceron noutros lugares de España, mentres que a 6,58% naceu noutros países.

O crecemento natural da poboación foi negativo nos últimos anos, con máis defuncións que nacementos. Con todo, a poboación segue crescendo debido á inmigración.

Estas circunstancias poden ser parte da baixa participación electoral nas eleccións locais, o que consideramos desde o noso grupo que debería ser un motivo de preocupación, así como un desafío para a corporación de este municipio, ser capaces de estimular a eses novos habitantes para integrarse na sociedade civil e considerarse un naronés máis.

Vou dar un repaso curto as eleccións:

Eleccións no ano 2023 a abstención foi dun 48,90 %; 1,74 % de votos en branco e 1,14 % de votos nulos.

Votos válidos 16097 de un censo de 31865 o que supón unha participación que ronda só o 50%.

Cuando falamos de outras eleccións tanto autonómicas como nacionais:

Autonómicas del 2024, 58,12 %

Nacionais do ano 2023, 67,30 %

Nacionais do ano 2019, 61,56 %

Analizando estos resultados é preocupante a baixa participación nas eleccións locais, por este motivo entendemos que é necesario buscar unha aproximación co electorado acercando as propostas para intentar aumentar a dita participación nas eleccións locais.

Por todo o exposto, e en aras de buscar a igualdade de oportunidades entre as distintas candidaturas, facemos un chamamento a todos os representantes públicos desta corporación e ao seu sentido de deber e da responsabilidade. O Grupo Municipal Popular insta ao pleno da corporación á adopción dos acordos que deu lectura o Sr. Secretario con esas modificacións que nos comentou agora o Sr. secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sr. Romero Franco: ben, por facer un breve análise deste último que acaban de decir é curioso que si estas 4 cousas que se solicitan nos 4 procesos electorais que houbo nas xenerales, autonómicas e demais e se fai exactamente o mesmo porque esto nas... non estaban e hai unha porcentaxe máis alto de voto, eu creo que estas non son medidas que van aumentar a porcentaxe de voto en Narón.

Dito esto, danos un pouco de pena que... bueno normalmente cando a nós nos chega unha moción loxicamente a debatimos e pensamos no noso grupo pero tamén nos gusta consultar cos técnicos que nos aconsellen ou nos recomenden que é o mellor e neste caso, danos moita pena porque votaríamos a favor, non temos ningún inconveniente nin moito menos nin para nada que se interprete o meu comentario máis alá de .. todo o contrario, todo o que queremos é que haxa unha maior participación no noso concello nas eleccións municipais, pero si que é certo que cando chegou esta moción e consultado cos técnicos municipais, o primeiro punto que é o punto de discordia pois eles mesmos nos recomendan que non fagamos ese tipo de medidas precisamente porque dende o concello estamos levando unha campaña para intentar que o noso mobiliario urbano esté nas mellores condicións posibles e sería un pouco contradictorio que nós mesmos que lle estamos pedindo que fagan un esforzo para manter neste caso, eses báculos e iluminación pública en bo estado, pois seríamos nós os que

propoñamos facer este tipo de publicidade que precisamente vai a danar a esa iluminación pública.

Polo tanto, danos pena porque intentamos falar co voceiro do Partido Popular para que quitara ese punto e así poder votar a favor do resto da moción, volvemos a insitirlle que o pense porque daríanos moita pena non votar a favor de algo que creo que se negociou na Xunta de Portavoces e creo que non estamos en ningún punto en desacordo pero si que se pense en eliminar ese primeiro punto e así poderíamos votar a favor toda a Corporación. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente ao que nos acaba de decir o portavoz, a verdade que consideramos que é necesario manter ese punto porque somos da comarca creo que practicamente o único concello que non temos autorizadas as banderolas, no. E ademais creo que somos as candidaturas que se presentan a unhas eleccións, creo que somos prudentes e coherentes e non imos a facer ningún destrozo do mobiliario público nin moito menos. É dicir, ademais agora mesmo hai un sistema de colocación de bandeiras que se falara vostede hai 15 anos, ao mellor hai 15 anos tiña unha base de razón. Creo que hoxe non estamos nesa situación. Hai un modelo que se coloca cunha facilidade boa e que non conleva deterioro ningún para as farolas e ademais creo que como dixeran seríamos practicamente o único concello que non se está.... E despois referente a diferenza do voto pois claro que me preocupa porque do que falei antes.. do tema da poboación. Date conta que temos moita poboación venidera que non se integra, dá a sensación que non se integra en Narón, porque si efectivamente as nacionais ou as autonómicas efectivamente hai moita máis participación porque tamén hai un potencial maior por parte das programacións, das televisións, de todo o entorno e creo que nas locais pois deberíamos de esforzarnos para intentar chegar a eses veciños e veciñas para que coñezcan os nosos programas, para que teñan proximidade ás súas vivendas e para que non teñamos pois neste caso, dos 31.865 votantes, só participaron 16,97%. É dicir, se calculamos a porcentaxe TEGA, si calculamos polo censo total vostede alcaldesa con un 22% que temos os grupos políticos neste concello, o seu grupo que está gobernando estaría cun 22% dos electores. Creo que é moi pouco. O noso grupo, con 14%. O BNG con 7% e o PSG-PSOE con 6%.

Creo que temos que buscar outras formas para que a xente vote, coñeza os programas e coñeza ... porque é unha forma de despois de mellorar incluso e que sepan realmente o que é a administración local. Polo tanto, nós consideramos que estamos nunha dirección que é necesaria, que imos a ver e posiblemente haxa que facer máis estratexias para poder chegar todavía a máis cidadáns e cidadás de Narón. Pola nosa parte nada máis.

-Sr.Romero Franco: ben, recordar que non somos nós os que decimos que non é bo poñer esa publicidade nos barrios senón que son os propios técnicos que nos recomendan que non se faga eso.

De todos modos, por aclarar, volvo a repetir, danos moita pena que por culpa dese punto non podamos votar a favor desta moción e aclarar que por suposto, que estamos de acordo que o Concello de Narón ofrecerá durante a duración da campaña electoral o auditorio municipal e o café teatro, dende logo que se poñerán, que xa o falamos tamén na Xunta de Portavoces esos paneis, esos taboleiros para poñer publicidade en todas as parroquias e dende logo que adquirimos o compromiso por parte dos grupos políticos para a retirada de todo tipo de propaganda nun período de 30 días posterior. Por eso digo, estamos a favor de todos eses puntos, danos moita mágoa que non é unha decisión propia senón unha recomendación dos propios técnicos que non se leve a cabo este primeiro punto. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade que eu creín que tiñamos un goberno que tomaba decisións e que gobernaba, e vexo que nesta ocasión ten que depender dun funcionario que lle diga se está ben ou se está mal. Moitas veces falamos de que temos que facer vida e dar vida ás empresas do entorno, no. Pois ao mellor é unha forma tamén de que as empresas despois teñan traballo por se teñen que ir pintar algunha farola, no. É unha forma tamén de xerar ingresos para algunhas empresas. A ver Sr.Román, creo que non é o caso nin moito menos. E creo que ademais non vai ocorrer nada deso, polo tanto, sigo pensando o que pensaba antes eh. É unha pena, sí eu creía que tiñamos un goberno con máis capacidade de xestión e de avance. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: estaría encantado que agora mesmo que lle entrara máis ao trapo, pero sabe que vou facer? Pasar olímpicamente do que acaba de decir porque incluso remataría cun refrán pero vouno deixar aí. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

17 °.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA FACER REALIDADE O ARRANXO DA PRAZA DE GALIZA. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

Nos anos 90 a zona da contorna da rúa 25 de xullo sufriu unha grande transformación pasando de ser unha extensión de terreos e campos ao que coñecemos hoxe, unha Praza cunha superficie de arredor duns 7000 metros cadrados con dous edificios de vivendas e que conecta o Auditorio, a casa da cultura, superficies comerciais, a casa consistorial, o antigo centro de saúde...

A Praza de Galicia, que é da que estamos a falar, catro anos despois da súa construción dicían os membros do goberno que era unha praza baleira, fría, sen vida, e incluso fea..., polo que decidiron facer unha reforma cuxa pretensión inicial era humanizala, e sacouse o palco da música que estaba no centro para poder sacar actividades do Auditorio á Praza e aproveitala, algo que non se estaba facendo. En definitiva, buscar unha solución para que ese espazo público tivese vida.

Desde esa reforma non se fixo un mantemento da Praza, mais no ano 2023 anunciaba o goberno municipal un proxecto de reforma da mesma, con novos xardíns, xogos infantís e zonas comerciais, que ascendía a un total de 2,155 millóns que se financiarían unha parte con Fondos Next Generation da UE e outra con fondos municipais. Esperabamos daquela non só a mellora da praza se non tamén que os problemas de mofo e humidades na casa do concello serían solucionados.

No 2024, antes do inicio da reforma, o concello vese na obriga de renunciar a estes fondos, polo que non se realizou esta tan esperada e necesaria reforma.

Así, todo fai indicar que hai problemas estruturais que están a danar o edificio do concello e o centro comercial. Mostra disto, é a situación de diferentes oficinas, nomeadamente o lugar do rexistro, onde as pingueiras, problemas de humidade e paredes moi deterioradas están a danar non só o edificio se non que pode chegar a ser un problema de saúde para as persoas que a diario traballan ao carón destas grandes humidades. Ademais, a situación do centro comercial non mellora tampouco polo que é preciso buscar unha solución. Por todo isto, o arranxo estrutural da mesma praza debe ser algo que o goberno municipal ten que considerar “prioritario e inminente”.

Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao concello a aprobar un informe definitivo do porque dos problemas de humidade e estruturais da unidade que conforman a casa do concello e o centro comercial Narón
2. Priorizar o arranxo das humidades do edificio do concello con urxencia.
3. Instar ao concello a rematar o proxecto integral de mudanza da Praza de Galicia tendo en conta os problemas entruturais que danan ao consistorio.

Narón, 19 de maio de 2025

Asdo: Olaia Ledo Díaz.

Portavoz Municipal do BNG de Narón.

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces celebrada en data 26-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: grazas Sra.alcaldesa.

Esta moción ven polas peticións sobre todo de locais, do Centro Comercial Narón, dos problemas de humidades que hai e tamén coa súa carga pero tamén co que vemos no día a día do concello de Narón e dos traballadores e traballadoras que están na parte baixa do concello, e polos problemas moi grandes e moi graves que hai de humidades e que se están parcheando dalgunha maneira pero que non hai unha solución.

O que se di é que é un problema estrutural da praza de Galiza e que se ten que solucionar. Nós sabemos que se anunciara o arranxo integral da praza cunhas axudas que se esfumaron por non cubrir os prazos, e agora que estamos pendentes de fondos europeos para o arranxo desta praza. Eu me pregunto cando van ser eses fondos europeos. Porque na Xunta de Portavoces non se me contestou, en 3, 5 anos? Cando vai estar o arranxo da praza? Ten que esperar a xente que incluso ten un problema de saúde, xa que falabamos antes de 5-10 anos para que se poña solución? Tamén pedín un informe no que se dixese que efectivamente ese problema era si ou si da praza. Entonces temos que esperar a solución a cando se arranxe a praza integramente? Porque é verdade que agora no POS vai haber uns arranxos nas accesibilidades a esa praza pero non para estes problemas de goteras, de humidades, e de paredes que se están caendo. Entonces pode o concello verificar que o problema é a praza? Pois pode porque ten técnicos preparados para eso, esperemos que nos digan. Pode o concello

nos orzamentos poñer unha partida para solucionalo? Pode, cando teñamos orzamento. Entón claro, que aínda non vimos o borrador.

Pode parchear humidades mentres esperamos, sexamos sinceiras, 5-10 anos é moito esperar e por iso presentamos esta moción que esperamos que se aprobe por unanimidade. E que é necesario, xa non é que poida. É necesario que se faga e por iso presentamos esta moción e esperamos sinceramente que se aprobe por unanimidade.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bueno, a conta desta moción que apoiamos totalmente, no seu día xa fomos críticos cando se perdeu neste caso, a subvención que eran cartos que xa tiñamos ingresados na conta, que tivemos que devolver con xuros e sobre todo, ao fío do que está apuntando a voceira do BNG, é dicir, volvemos a meter neste caso, a obra pero en vez de ser nos fondos de recuperación que eran con carácter finalistas e que subvencionaban ata o 80%, bueno, pois agora van incluídos no novo plan respecto ao FEDER que vai co 60, máis co 40, é dicir, supón un custo pero bueno, o que se trata aquí é que dalgún día pois digamos que esa obra é tan necesaria para os veciños e incluso para o orgullo de Narón porque non obviemos que formen parte practicamente da praza do concello pois que esté xa arranxado.

Mentres, o sentido precisamente desta moción que é a que trae hoxe ao pleno o BNG, pois vai precisamente que mentres non se chega digamos, a facer esa reparación de reforma integral desa praza, pois que se vaia digamos actuando respecto precisamente a que cheguemos precisamente con esa praza ata que se poida reformar integramente. Nós no seu día, incluso nas distintas comisións, pois apuntamos a que incluso esas distintas humidades que chegan precisamente á casa do concello, pois tamén están entrando nos locais comerciais polas vidrieiras das escaleiras. Incluso pedíamos, entendíamos que expertos na materia pois ao mellor, cuns puntos de silicona cun sellado das ventás que podía, pois digamos solventar esa situación aínda que fóra coyunturalmente.

Aproveitamos precisamente que se trae esta moción para anticipar pois xa esa especie de rogo que se fixo na comisión o seu día, a que sen ser emenda, aportando un rogo a que se faga digamos, ese sellado das vidrieiras a fin de que deixe de facer escorrentía cando chove, a auga por esas escaleiras. Nada máis.

-Sra.Novo Mouriz: buenas tardes de nuevo.

Desde el grupo municipal del Partido Popular de Narón queremos comenzar esta intervención agradeciendo al BNG la presentación de esta moción. Sin duda compartimos tanto la preocupación como el diagnóstico que se expone sobre el lamentable estado en el que se encuentra la Plaza de Galicia, y por extensión el edificio del concello y el centro comercial adyacente. Por ello, anunciamos desde ya nuestro voto favorable a esta moción, porque entendemos que no se trata únicamente de una cuestión de imagen urbana, si no de un problema de salud pública, seguridad estructural y sobre todo, de una muestra más de la dejadez que arrastra el actual gobierno local liderado por TEGA. Cuando en 2023 el gobierno municipal anunció con gran entusiasmo un proyecto de reforma integral de la plaza de Galicia incluyendo zonas verdes, áreas infantiles y espacios comerciales muchos vecinos acogieron la noticia con esperanza. El proyecto valorado en más de 2 millones de euros, iba a financiarse parcialmente con fondos europeos Next Generation, una oportunidad única para transformar uno de los espacios más emblemáticos del centro de Narón. ¿Y cuál ha sido la realidad? Que en 2024, este mismo gobierno se vio obligado a renunciar a dichos fondos. Una renuncia que no sólo implica perder una inversión importantísima para la ciudad si no que evidencia una absoluta incapacidad de gestión por parte del ejecutivo local. ¿Y por qué se renunció? Por no cumplir los plazos, por falta de previsión, por la carencia de la capacidad técnica y política

para executar un proxecto que ya había sido anunciado y publicitado. No es una opinión, es un hecho. Mientras otros ayuntamientos aprovecharon la oportunidade de los fondos europeos, en Narón TEGA los dejó escapar. Y mientras tanto ¿cuál es el estado actual de la Plaza de Galicia y del edificio del Concello? Humedades persistentes, filtraciones, despachos con goteras, paredes deterioradas, y un riesgo para la salud de los traballadores municipais y de los cidadanos que acuden a diario a realizar gestiones.

Es especialmente grave la situación del área del Registro, como bien comentaban mis compañeros, que se encuentra en condiciones deplorables impropias de una administración pública moderna y responsable. La falta de mantenimiento es clara.

Pero el problema no se limita al edificio institucional. El centro comercial adyacente parte del mismo conjunto arquitectónico también lleva años abandonado, víctima de la falta de mantenimiento; es el reflejo más claro de Narón que deja la gestión de TEGA. Un municipio con potencial paralizado por la falta de rumbo. Terra Galega ha gestionado este asunto con opacidad y sin rendir cuentas a la ciudadanía. A día de hoy los vecinos siguen sin conocer con claridad por qué no se executó la ayuda, en qué punto se encuentra el proxecto de reforma y cuándo se dará unha solución definitiva a esta plaza tan emblemática para Narón.

Y esto no es nuevo. TEGA lleva gobernando muchos años en nuestro concello. Ya no pueden seguir culpando a otros. Lo que hoy ocurre es consecuencia directa de años de desidia e improvisación y falta de proxecto o en este caso ¿también es culpa de la Xunta? No han sabido planificar, non han sabido cuidar y ahora non han sabido executar.

El tiempo de las excusas ha terminado. En su programa electoral prometían una mejora integral de los espacios públicos. Sin embargo, la realidad es que las infraestructuras en nuestro concello continúan degradándose evidenciando una vez más que la falta de acción no es por ausencia de recursos si no por falta de voluntad política o capacidad técnica. Un ejemplo claro, la Avda de la Solana o las obras del Val que comentamos hoy. Por todo ello, apoyamos esta moción presentada por el BNG porque Narón no puede seguir perdiendo oportunidades por culpa de la mala gestión porque los edificios públicos deben ser seguros, dignos y funcionales, porque los fondos europeos no son un regalo permanente, hay que gestionarlo con seriedad o se pierde. Y porque los vecinos y vecinas de Narón merecen más que promesas incumplidas y proxectos que nunca se materializan. Exigimos al gobierno municipal que asuma responsabilidades, actúen con urgencia y abandone la autocomplacencia.

Es imprescindible elaborar un informe sobre problemas estructurales, intervenir con urgencia sobre las humedades y recuperar con seriedad el proxecto de reforma integral de la Plaza de Galicia.

Narón y sus vecinos merecen más. Muchas gracias.

-Sr.Mauriz Romero: moitas grazas. Hai 2 opcións, ou entrar a saco ou dar a explicación que é evidente. A praza de Galicia presenta uns problemas de edificacións adyacentes cara o edificio e é unha realidade. É certo que se estivo intervindo o buenamente posible, intentar evitar esas filtracións, a veces se conseguiu outras non se conseguiron, e por eso se plantexou o amaño da praza integralmente. Para intentar evitar esas filtracións.

O proxecto dos fondos Next Generation non soamente foi Narón quen os perdeu. Foron máis concellos polos prazos tan esixentes que se metían e se seguíamos adiante con esa obra íamos a perder moitos máis cartos e foi unha tristeza que fóra... porque non soamente foi Narón que lle pasou a máis concellos que estivemos falando, mais concellos para intentar se nos daban unha prórroga e non se nos deu e finalmente houbo que renunciar e esa é a explicación. Está

metido no plan Edil de Narón 2030 e loxicamente todo o que se poida facer para evitar esas filtracións se fará como se veu facendo ata o de agora. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: nada, si eso é así entendo que votaredes a favor desta moción e que se poida solucionar de maneira inmediata os problemas que hai agora graves.

-Sra. Novo Mouriz: Pablo, si sabiais que no llegabais ¿por qué lo anunciasteis a bombo y platillo? Y por otra parte que otros concellos lo hayan perdido pues realmente no nos importa, nos importa que Narón si lo haya perdido y no haya podido utilizar esos fondos. Gracias.

-Sr. Mauriz Romero: a nosa intención era chegar. Sempre intentar chegar. Que pasa? Que a realidade entre a licitación que é un proceso administrativo tasado, a adxudicación e a execución sabiamos que non íamos chegar. Estivemos intentando ata o último momento con conversas, creo recordar que cun algún Ministerio en Madrid, si había posibilidade de prórroga deses fondos e intentamos ata o último momento non o conseguimos, pois non estamos orgullosos de que se perderan, pero nin nós nin outros eh, eso por seguro. Tamén lle vou a decir unha cousa, porque aquí a veces hai que escoitar carros e carretas. Se nos deran cartos directamente como lle dan a outros concellos sen ter todas estas cousas, asegúrolle que íamos ser moito máis áxiles. Porque ver as cantidades por asignación directa para diferentes apartados deportivos, culturais, saneamento, edificios, ensino, etc, por adxudicación directa sen ter nada máis que decir “soy de la cuerda” manda truco, porque os de Narón tamén somos galegos, eh.

-Sra.Ledo Díaz: ben, convíddolle a pasear polos concellos do Bloque Nacionalista Galego que tampouco é que a Xunta nos dea demasiado pero ben que están ou en determinados servicios, podo pensar agora no concello de San Sadurniño a respecto da axuda do Fogar que por certo, é de contratación directa igual tamén, xa que non vai haber diñeiro porque a Xunta dallo aos seus colegas pois..... copian dos mellores.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A favor

BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

18 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PROTOCOLO CONCELLO LIMPEZA DE PINTADAS E SÍMBOLOS QUE INCITAN AO ODIO. . -

Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

Desde hai uns anos atopamos en distintos puntos do noso concello, en paredes de muros e mesmo edificios ou casas abandonadas, pintadas de ultradereita e/ou xenófobas cunha simboloxía que o único que fan é incitar ao odio, cousa que representa un delito. Símbolos que representan o racismo na súa máxima expresión, invocan a unha tiranía dos que se consideran os pobos superiores e unha intimidación contra as minorías. Persoas ou asociacións pola súa conta van borrando algunhas en diferentes barrios pero outros de difícil

acceso pero á vista de moita xente seguen mostrando un concello que non somos. Narón é unha cidade tolerante onde convivimos todas as persoas de maneira cívica e imaxes como as que hoxe mostran algunhas paredes non teñen cabida.

No ano 2022, este grupo municipal xa denunciara estas pintadas que se atopan tanto en espazos públicos coma privados e por todos os barrios: muros en Xuvia, en distintos edificios, vivendas privadas na Solaina... e todas en zonas de gran visibilidade. O noso deber, como administración pública mais achegada á veciñanza, é mostrar que é intolerábel que unha ou un grupo de persoas inciten o odio mais na sociedade actual onde mensaxes de todo tipo chegan de maneira masiva á poboación máis nova a través de *fakenews*, nun mundo onde xa todos somos emisores e receptores das mensaxes e se espallan a gran velocidade. Traballar por un concello amábel e tolerante tamén significa avanzar neste traballo.

Por todo isto sometemos a debate e aprobación en Pleno dos seguintes ACORDOS:

1. Seguimento e elaboración dun informe único por parte da Policía local para detectar pintadas e emitir requerimentos aos propietarios de inmobles privados afectados, así como requerir ao concello a limpeza de inmobles públicos das pintadas ou colantes que inciten ao odio.
2. Instar as autoridades competentes a facer unha investigación sobre os causantes da pintada, abrir un expediente para a execución dos traballos necesarios para eliminar as mesmas facendo responsables ás persoas que realizaron as ditas pintadas. En caso de non localizar aos responsables, que o concello procure a eliminación das mesmas ou concertar un acordo cos propietarios.

Asdo: Olaia Ledo Díaz.

Portavoz Municipal do BNG de Narón.

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces celebrada en data 26-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

EMENDA DE SUSTITUCIÓN

Substituír o acordo 2º da moción do BNG sobre protocolo do Concello limpeza de pintadas e símbolos que incitan ao odio, por:

Instar as autoridades competentes a facer unha investigación sobre os causantes da pintada, abrir un expediente para a execución dos traballos necesarios para eliminar as mesmas facendo responsables ás persoas que realizaron as ditas pintadas. En caso de non localizar aos responsables, que o concello procure a eliminación das mesmas ou concertar un acordo cos propietarios.

DEBATE

Se acepta a emenda do PP. Queda substituído o punto 2.

-Sra. Ledo Díaz: grazas. En Narón somos un concello de persoas que maioritariamente cada día saímos a traballar ou a buscar emprego e somos un concello cunha cidadanía na que compartimos espazos onde a inclusión, a equidade, e unha sociedade cuns grandes valores de convivencia e por eso eu creo que ten que ser un orgullo para todas e todos os que estamos aquí, xa que maioritariamente convivimos en espazos públicos e traballar por un espazo

público onde todas as persoas sexamos igual nese espazo que compartimos, independentemente da nosa condición por idade ou por xénero ou condición social, e nos concellos onde xustamente no espazo público onde temos plenas competencias para actuar, creo que é importante que non se estea a dar o que leva pasando durante estes últimos anos porque é unha mágoa que haxa pintadas de contidos racistas en zonas moi visibles, en barrios onde vive moita xente e moi populosos como os da Gándara, os do Alto, os de Santa Icía, que haxa persoas a nivel individual ou asociacións, que borren esas pintadas, e que volvan a insistir, en certas zonas onde non só os vemos as persoas que vivimos en Narón senón xente que se achega a traballar en lugares para toda a comarca e por eso fixemos esta moción porque cremos que o concello debe de actuar de oficio para que esto non exista porque o que vemos cada día nas nosas paredes non é inocente; e hoxe o que estamos a falar é moi visible e todos sabemos de que pintadas nos referimos e estigmatiza. Estigmatiza ás persoas que se quere atacar. Entón creo que polo ben dese espazo público para sentirmos orgullosas de Narón e que teremos que actuar nese sentido. A respecto disto, a emenda que nos presentaron onde se fala de procurar unha solución ou chegar a un acordo con propietarios cremos que é positiva porque non está obrigando directamente ao concello pero si nese primeiro punto no que nos presentamos a que se faga un estudo das pintadas hai asociacións que vos poden indicar en que zonas están aínda que hai moitas en que todos e todas xa sabemos onde están pero que temos que solucionar. Porque o que está claro que a imaxe desas paredes non reflicte para nada a sociedade que somos e que conformamos todos os naroneses e naronesas. E por eso queremos que bueno, que pensamos que isto non é a maneira de darlle solución e traelo ao pleno municipal de Narón.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas. Bueno, é de agradecer que nos admitiran a nosa emenda e bueno, diría por añadir algo que posiblemente sería bo implementar un protocolo para abordar da maneira máis efectiva a presenza de pintadas e símbolos que incitan ao odio no, e promovendo un entorno máis seguro e respectuoso quizais sería importante, incluso comunicarse coas policía, coa Policía Nacional, con outros concellos que soe haber a repetición desas pintadas para ir intentando localizar esa xente que soe facer este tipo de pintadas e con ese motivo seguramente que recortaríamos moito a cantidade de pintadas que hai por distintas zonas, no.

E creo que sería algo que sería importante facelo. Nada máis pola nosa parte e votaremos a favor. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

19 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE PARA "INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE CONEXIÓN PEONIL ENTRE O RÍO INXERTO E A AVENIDA DE SANTA ICÍA.. -

Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdeG-PSOE reclamando “INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE CONEXIÓN PEONIL ENTRE O RÍO INXERTO E A AVENIDA DE SANTA ICÍA.”

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O Concello de Narón ten en curso a licitación da obra de realización dunha conexión peonil entre o Río Inxerto e a Avenida de Santa Icía. Aínda que se entende a intención de mellorar a conectividade peonil no municipio, esta actuación xera unha notable preocupación entre os veciños do barrio afectado, especialmente ante as dúbidas que suscita un proxecto que se percibe como transformador para a vida cotiá do barrio, similar no seu impacto á recente peonalización da Rúa Reis Católicos.

Os antecedentes de sobrecustos e a execución que os veciños consideran deficiente na recente reforma da Rúa Solaina xeran un temor xustificado ante novas intervencións desta envergadura. Esta preocupación incrementase nun barrio dos máis antigos de Narón, onde a maioría das construcións carecen de aparcadoiros subterráneos, o que historicamente levou á ocupación de zonas verdes para o estacionamento de vehículos, como é o caso do Campo da Estrela, que de aparcadoiro provisional só conserva o nome.

Ademais, existe unha inquietude palpable en relación coa seguridade e a circulación de vehículos, tanto particulares como de servizos públicos esenciais como ambulancias, bombeiros e recollida de lixo, unha vez que a conexión peonil se materialice.

Por todo o exposto, consideramos fundamental que os veciños do barrio teñan a oportunidade de coñecer en detalle o proxecto de conexión peonil entre o Río Inxerto e a Avenida de Santa Icía antes de que se proceda á súa execución. A transparencia e a participación cidadá son piares fundamentais dunha xestión municipal responsable e sensible ás necesidades dos seus cidadáns.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

- 1. Instar ao goberno municipal á apertura dun proceso de exposición pública do proxecto de realización da conexión peonil entre o Río Inxerto e a Avenida de Santa Icía, co obxectivo de que a veciñanza poida coñecer en detalle o alcance da actuación.**
- 2. Que esta exposición pública se realice a través do Servizo de Participación Cidadá, garantindo a máxima difusión do proxecto mediante anuncios en medios de comunicación de masa locais, as redes sociais do Concello e bandos municipais.**

Narón, 21 de maio de 2025.

Asdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces celebrada en data 26-05-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Con carácter previo subsanar unha errata, que cando decimos “rúa” referímonos a “Río”. Río Inxerto, non Rúa Inxerto.

Polo demais, traemos esta moción e levámola aquí ao Pleno e pedimos neste caso o apoio a toda a Corporación porque dando o Partido Socialista consideramos e apostamos porque a transparencia e a participación da veciñanza, as obras de carácter de transformación pois ten que ser un pouco insignia e un emblema digamos do bo xeito de gobernar.

Traemos esta moción a conta neste caso, dos antecedentes neste caso a execución da Rúa da Solaina. Na rúa da Solaina, os desperfectos, neste caso os problemas de execución, os sobrecustos pois xeraron bastante malestar no que é a contorna da veciñanza. Esta moción que é transformadora ou neste caso a execución, nós non estamos en contra desa peatonalización, cremos e apostamos pola mobilidade pero o que si que entendemos é que esa actuación si que vai, durante a súa execución, xerar unha serie de incomodidades respecto á veciñanza. O que se plantexa é que se vaian trasladando á veciñanza con carácter informativo como van a acontecer pois eses cortes de carrís, como vai a ser esas prazas de aparcamentos provisionais que se van a eliminar para que non se cause neste caso, precisamente ese malestar que ven demandando a veciñanza en relación a rúa da Solaina por esa falta de transparencia e información dende o goberno local.

Polo tanto, queremos aproveitar que temos unha empresa neste caso adicada a participación cidadá, pois aproveitar a súa experiencia e a súa formación para que dende esa empresa pois que se traslade á veciñanza e que se convoque e se faga a exposición deste proxecto coa maior difusión posible. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: neste punto dende logo, si estamos de acordo. Tamén aclarar que esta obra ven derivada do plan director da Solaina, que tivo o seu proceso de participación e conta coa súa páxina web onde se pode ver ese proxecto. Aínda así loxicamente estamos de acordo en que se dé unha explicación á veciñanza por suposto. De feito hai unha .. falando cos responsables da tal... .hai unha data que se vai a propoñer á veciñanza que será o 26 de xuño onde se poderá explicar neste caso, o proxecto desta obra. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permy: grazas. Esperei que falara o portavoz porque pensei que nos ía explicar algo máis sobre o proxecto. Vemos que ao final non nos ampliou nada. A verdade é que afecta a 3 rúas no. Cristóbal Colón, Rúa Francisco Pizarro e Rúa Reis Católicos, está a xerar unha controversia entre veciños e veciñas da zona debido á falta de explicacións por parte do goberno. Están moi preocupados polo acceso e a eliminación dos aparcadoiros. Entón é certo que a humanización de espazos públicos pode ser beneficiosa para a comunidade pero tamén xera unha serie de preocupacións as veciñas e aos veciños e sobre todo, nese entorno que hai moita falta de aparcamentos. Entón gustaríanos saber se teñen algunha alternativa para esa cantidade de zona que queda sen aparcadoiros, se é posible darnos algunha noticia neste Pleno e nós imos a votar a favor desta moción.

-Sr.Romero Franco: si, o emplazamos ao 26 de xuño que hai unha reunión informativa para explicar o proxecto. E alí se explicarán todos eses detalles.

-Sr.Castrillón Permuy: a verdade é que é vostede moi explícito. Grazas pola contestación porque quedabamos como estabamos. Pero é que home, creo que estamos nun Pleno do concello e podería vostede darnos unha explicación de que teñen pensado e como van facer. Fixen unha pregunta concreta.

-Sra.alcaldesa: sinceramente vostede xa o dixeran cando empezaba e sabía que isto ía a ser así. É dicir, vostede ve público e vostede di “ hai que ..”. Imos ver, é unha moción do Partido Socialista. É dicir, que lle di: “instar ao goberno municipal a apertura do proceso de exposición pública...” outro máis, se fixo, xa llo numerou, é dicir, cando se analiza, cando se fai a análise, o plan director da Solaina, dende aí se fixo unha exposición, dende aí vostede, que ten que ser de verdade, non sei se o que vou a dicir vai ser utilizado na miña contra, cobrou polo pleno no que se aprobou, é dicir, vostede ten que saber que realmente isto xa se fixo, non é unha aprobación que veña agora do ceo, é dicir, e vostede agora lle está pedindo unha serie de cousas cando a moción neste caso, do Partido Socialista non pide eso, pide que se lle explique, que se faga a exposición a cidadanía. Vostede tivo algunha vez ... pediu velo? Cando queira, é dicir, calquera información deste concello, calquera proxecto está evidentemente cando ven a pleno, ou vai a unha comisión lle consta no seu expediente. Pode velo.

